

## sarria

A Noite Meiga da Asociación Meigas e Trasgos celebrárase a finais de agosto. **Páx. 2**

## triacastela

A Cova Eirós revela que as Seras Orientais de Galicia foron un refuxio climático. **Páx. 14**

## láncara

O PSdeG-PSOE de Láncara renova a súa executiva municipal mesturando xeracións. **Páx. 15**

## samos

O municipio prepárase para as Festas de San Bieito e para a Feira de Artesanía. **Páx. 18-19**

## o incio

Presentados os carteis oficiais dos festivais Terra Brava e Tremeterra. **Páx. 20**

# Música, cultura e tradición na comarca



## Galicia agochada en museos singulares

Un percorrido por espazos culturais únicos fóra dos circuitos turísticos habituais. **Páx. 10-11**

## A Deputación impulsa a formación dixital

O programa achegará 500 accións formativas ao rural para reducir a fenda dixital. **Páx. 12**

## Ascenso da SD Sarriana na Ribela

O equipo sarriao impúxose ao Atlético Pulpileño nun ambiente marcado polas festas. **Páx.21**

## Proyecto Valley



Raúl Vázquez de la Torre promove a música desde Sarria. **Páx. 4**

## Homenaxe a Jorge López



O acto será un percorrido desde a sede da Asociación ata o Concello de Sarria. **Páx. 7**

## Veciños de Vilaragunte



David Rivera pon en valor a acción cultural e social nas parroquias. **Páx. 17**



SARRIA

A Noite Meiga traerá tradición e música á vila



A Asociación Meigas e Trasgos presentou o cartel da Noite Meiga, unha cita xa emblemática no verán sarriao que se celebrará durante a última fin de semana de agosto, e que conta co apoio da Vicepresidencia da Deputación de Lugo, a Xunta e o Concello de Sarria.

O programa inclúe concertos, danza e actividades culturais centradas na tradición e o imaxinario mítico galego, nun evento que busca ser recoñecido como Festa de Interese Turístico Galego.

O venres 29 de agosto abrirase a programación co concerto de Xabier Díaz e Adufeiras de Salitre, xunto coas actuacións de Mondra e DJ Russ. O sábado 30, a festa continuará coa música da Banda da Comarca de Sarria, Os Clarisaxos, D’Crooners Band e os grupos de danza da propia asociación Meigas e Trasgos, que culminarán a noite coa repre-

sentación da tradicional Danza da Noite Meiga, un espectáculo arredor do lume e das meigas. A xornada do domingo estará pensada para os máis pequenos coa celebración da “Tardiña Meiga”, mantendo o espírito festivo e familiar desta celebración que leva máis de cincuenta anos viva.

O vicepresidente da asociación, Iván Pereiro, foi o encargado de desvelar o programa, lembrando que xa se ten tramitado o recoñecemento oficial como festa de interese turístico, co respaldo da Xunta.

Pola súa parte, o vicepresidente da Deputación de Lugo, Efrén Castro, puxo en valor o papel de Meigas e Trasgos como referentes culturais en Sarria e destacou que a Noite Meiga simboliza a forza do noso patrimonio inmaterial, combinando tradición e innovación a través da música e da danza.

Grandes artistas encherán Sarria de maxia na XX edición do Festival

O mago Roberto Lolo, organizador do evento, presentou aos seis artistas galegos que participarán no XX Festival Internacional de Maxia Vila de Sarria.

Entre eles destaca Sara Rodríguez, que presentará novos xogos e rutinas do seu próximo espectáculo. Román García, que leva vinte anos asistindo ao festival, foi o primeiro mago que Roberto Lolo levou a Sarria. Tamén estará o propio Roberto Lolo, quen considera unha honra organizar este festival desde a súa primeira edición, dedicado á xente de Sarria e a todas as persoas que o visitan.

Tamén estarán Nacho Nogueira, un dos talentos emerxentes da maxia galega; o Mago Iago, que con só once anos de idade, é xa un veterano; e Iago Saavedra, que tamén participou no proxecto Maxia nas Parroquias de Sarria.

Estas confirmacións galegos súmanse a outros anteriormente anunciados, como o recoñecido hipnotista Toni Pons, unha das grandes figuras da escena internacional; Magia Melanie, que acadou o Primeiro Premio no prestigioso concurso organizado por Antonio Díaz, coñecido como El Mago Pop.

Ademais, tamén estarán no evento os ilusionistas Mago Roger, Rachel Atienza, o mago Pedro Aragonés, Yimis Mauler, o Mago Yericó, Iván Santacruz, o Mago Joel De Cuba, e Edu El Mago, completando así unha programación chea de maxia, emocións e espectáculos únicos.



**O ORGANIZADOR.** Roberto Lolo, promotor e organizador do XX Festival Internacional de Maxia Vila de Sarria, explicou que esta edición tan especial durará sete días: “Ao ser unha edición tan sinalada, ampliamos a duración só este ano, para celebrar o aniversario e para que todo o mundo que queira poida achegarse”, sinalou.

Roberto destacou que a programación virá cargada de propostas para todos os públicos, cunha atención especial aos máis pequenos: “Haberá máis actuacións, máis cousas pensadas para os cativos e espectáculos deseñados especialmente para que gocen da maxia como nunca. Vai haber tamén localizacións novas, que creo que van gustar moito, porque son espazos moi chulos para ver maxia”.

Outro dos grandes atractivos será a presenza de artistas inéditos na vila: “Traemos artistas que nunca viñeran a Sarria e haberá sorpre-

sas. A xente vai flipar, estou convencido. O festival está consolidado, pero sempre hai que innovar, aportar ideas novas, ofrecer novidades para que o público teña algo diferente cada ano”.

Ademais, subliñou a súa importancia para a economía local: “Moita xente vaise quedar toda a semana e van facer vida aquí, comer, pasear, participar... Ao final, non só a xente de Sarria o desfruta, senon tamén moitas máis persoas, e iso é maravilloso, porque somos moitos máis nesta familia. Sarria benéfiase economicamente, e ese é tamén un dos meus obxectivos: que, facéndoo aquí, haxa movemento turístico e económico, e que o pobo saia beneficiado”.

O organizador quixo rematar cun agradecemento aos que fan posible o evento: “Quero dar as grazas a todos os colaboradores, ás administracións, ao Concello e á Xunta. Sen eles, isto non sería posible”.

MADERAS Y DERIVADOS

PUERTAS

ARMARIOS

COCINAS Y COMPLEMENTOS

TABLEROS Y TARIMAS

San Julián de la Vega s/n, 27614 SARRIA (Lugo)

Tel. 982 533 505 - Fax 982 531 731

www.maderasgrandas.com | info@maderasgrandas.com

**¡OFERTA!**

Sofá Chaise-longue de 3 metros. Con dos relax eléctricos y arcón.

**¡TELAS A ELEGIR!**

**1.495€**

Ven a Visitarnos, Te esperamos!

**Muebles SINDIN**

VENTA DE MUEBLES EN GENERAL

PARADELA, Sarria (Lugo) - Fax: 982 541 297

Tel.: 982 541 066 - Móvil: 609 944 676

mueblesindin@gmail.com / www.mueblesindin.com



# Cultura, música e activismo no 'Move os marcos' do día 20

Mover os límites do diario, axitar conciencias, crear redes de afectos e desfrutar do ocio en comunidade. Partindo destas ideas, Sarria acollerá o vindeiro 20 de xullo o festival 'Move os marcos', promovido pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo.

Música, literatura, activismo e gastronomía combínanse no programa deste encontro pensado para atraer público de toda Galicia, que se inspira na memoria do promotor cultural sarria Marcos López, unha figura clave na edición e no audiovisual galego das dúas últimas décadas.

O programa do festival 'Move os marcos' ofrece unha xornada variada e completa de actividades culturais, musicais e artísticas para todas as idades, co obxectivo de encher Sarria de creatividade, reflexión e celebración.

A xornada dará comezo ás 11.30 horas coa tradicional alborada, a cargo da Asociación Cultural Peleríños de Sarria, que percorrerá o Bulevar, o Malecón e o Parque do Chanto, anunciando coa súa música o inicio da festa. Ás 12.00 horas será o pregón inaugural, seguido ás 12.30 horas do recital escénico 'Canto en Parada', unha proposta multidisciplinar que une poesía de Luís Alonso con percusión de Rafa Mallo. Pouco despois, ás 12.45 horas, terá lugar a 'Parolada diversa: Move os teus marcos', unha mesa de diálogo con voces destacadas do ámbito cultural, educativo e activista como Carlos Callón, Daniela Fernández, Braulio Vilariño, Ana Ojea e Chené Gómez, moderados pola xornalista Eva Mejuto.

Ás 14.30 horas celebrárase unha sesión vermú acompañada dun



xantar festivo coa música de A Duendeneta Dilleis. Xa pola tarde, ás 16.00 horas, haberá unha visita guiada á exposición 'Galegoza. A canción en galego', seguida pola actuación das pandereiteiras da AC Peleríños de Sarria ás 16.30 horas. A música continuará ás 17.00 horas coa actuación do grupo De Vacas e ás 18.00 horas con Mondra. Ás 19.00 horas, ambos os dous artistas protagonizarán unha colaboración especial e inédita que servirá de peche musical para a xornada principal do festival.

**ACTIVIDADES INFANTÍS.** Tamén se ofrecerá unha ampla variedade de actividades para os máis pequenos. Ás 12.30 horas dará comezo a sesión de contos 'O conto do Traxugas' co concelleiro sarria César No, mentres se desenvolverá simultaneamente un obradoiro de xogos sonoros no que os nenos e nenas poderán aprender a crear asubíos de abelá, carrizos de noz e ruxerruxes de mans de Xaneco Tubío.

Ás 13.00 horas haberá un obradoiro para facer pulseiras coloridas.

Pola tarde, entre as 16.30 e as 18.30 horas repetírase o taller de xogos sonoros, e ás 16.30 horas tamén terá lugar o obradoiro 'Retrato en Collage Palestina', unha actividade creativa en parellas para experimentar coa técnica do collage. Finalmente, ás 18.00 horas, celebrárase o obradoiro "Abano de cores".

**MÁIS PROPOSTAS.** O festival contará ademais con outras propostas paralelas como a exposición fotográfica 'As outras voces', centrada no labor da ONGD Creart na franxa de Gaza, e a intervención artística colectiva 'Artivista: Enlázaate a Gaza', que aborda a situación do pobo palestino. Durante o evento desenvolverase tamén 'Tecer sobre o valado: Galicia', unha acción artística colectiva con elementos naturais e coloridos, e estará dispoñible o 'Andel de cores', un espazo de venda de libros xestionado pola librería Galicia 1932. O público poderá gozar tamén da Zona Gastro, un lugar onde se ofrecerán produtos alimentarios seleccionados da comarca.

# O IV Sarria & Blues no Camiño acollerá diversas actuacións musicais



Este verán, o festival Sarria & Blues no Camiño celebra a súa cuarta entrega, mantendo o espírito que o consolidou como unha cita imprescindible no calendario da comarca.

Entre os días 7 e 10 de agosto, as rúas da vila sarriá encheranse de vida e son, cunha programación que percorre os diferentes estilos e épocas do blues, desde as raíces máis fundacionais do Delta do Mississippi ata os sons eléctricos nados nas rúas de Chicago, sen esquecer as inconfundibles brass bands propias de New Orleans.

Impulsado polo Concello de Sarria, o encontro arrincará cun concerto de blues tradicional no atrio da Igrexa de San Salvador, un espazo simbólico que servirá de ponte entre o legado xacobeo e a memoria musical do pobo afroamericano e a súa loita histórica polos dereitos civís.

Durante as catro xornadas de actividade, os escenarios multiplicaranse por distintos puntos emblemáticos da vila, como a Rúa Maior, o Malecón, o Meigallo ou a Rúa da Liberdade, onde terá lugar un vibrante desfile musical que abrirá paso ao concerto principal,

de novo protagonizado por unha destacada voz feminina afroamericana do panorama internacional. Fiel á súa filosofía de proximidade, o festival continuará apostando por actuacións a pé de rúa e formatos semiacústicos, nun ambiente íntimo e participativo que tamén acollerá a artistas locais.

As bandas de Sarria compartirán espazo con nomes chegados de diferentes puntos do Estado e do estranxeiro, facendo do festival un verdadeiro escaparate de diversidade sonora.

A programación oficial do festival comezará o xoves 7 de agosto coas actuacións de Lust 'N' Found e da Banda de Música da Comarca de Sarria. O venres 8 será a quenda de Street Blues Boys, Los Jarbis e Little Hands Blues Band, mentres que o sábado 9 subirán aos escenarios Sugar Queen, Dixie Blinders, a Banda de Música de Sarria, de novo Lust 'N' Found e Street Blues Boys. O festival pecharase o domingo 10 de agosto cunha última xornada protagonizada por Lust 'N' Found, Street Blues Boys e outros artistas convidados, nunha clausura aberta e participativa.

**MARMOLES VILARIO**

**ESPECIALISTAS EN**

- PIEDRA NATURAL
- PORCELÁNICOS Y CUARZOS
- ENCIMERAS DE VANGUARDIA
- GRABACIONES EN PIEDRA
- MOLDURADOS

*\*De las más prestigiosas marcas del mercado*

Políg. Ind. Balmao - Betote, S/N  
27617 - Sarria (Lugo)

Tel. 982 532 577 - Fax 982 532 577

marmolesvilario@hotmail.com

www.marmolesvilario.com

**CARPINTERÍA METÁLICA**

- CARPINTERÍA DE ALUMINIO Y PVC
- PUERTAS, VENTANAS DE ALUMINIO
- VENTANAS DE PVC
- CIERRES EXTERIORES DE ALUMINIO LACADO
- PUERTAS MOTORIZADAS SECCIONALES Y DE CORREDERA
- MAMPARAS DE BAÑO Y MOSQUITERAS

**CAMIÑO FRANCÉS**

C/ Camiño Francés, 41 Sarria (Lugo)  
 Tel.: 672 149 386 / 982 009 270  
 caminofrances.aluminios@gmail.com



# “Calquera expresión artística auténtica vén de sitios pequenos”

**Raúl Vázquez de la Torre promove a música en Sarria co seu Proyecto Valley, poñendo en valor a actividade cultural e musical da vila**

**Jessica Fernández**  
**Quen é Raúl Vázquez de la Torre?**  
 Unha persoa nada e criada en Sarria, discreta e tímida, aínda que poida parecer o contrario, pero presente. Alguén con gañas, paixón e ilusión polo que fai e que non lle gusta quedar rancio. A miña perspectiva é a transgresión e a vangarda, aínda que ás veces sexa necesaria a resiliencia para poder sobrevivir.  
**¿De onde nace o seu amor pola música?**

De pequeno encantábame poñer música na casa. Escoitaba as cancións do verán, encantábame Nino Bravo e gustábanme moito bandas como Fórmula V, Los Diablos... Lembro que cantaba sobre as cancións cun micrófono e gravábame en cintas de casete coa cadea musical que había na casa e tamén lembro cantar cancións en formato Karaoke en VHS. No comedor, colocaba as cadeiras en fila e subíame a elas coma se fose un escenario con algunha guitarra ou acordeón de xoguete. Encantábame ir a ver as orquestras nas festas de San Xoán e San Froilán e logo montaba na casa escenarios en miniatura e poñía música durante unhas horas imitando o que vía na realidade. Curiosamente e sen saber por que, afasteime bastante do meu interese pola música ata tal punto que foi a primeira materia que suspendín na miña vida cando cursaba terceiro de ESO. Ao pouco tempo, fun a un concerto de rock e vin claramente que o que me gustaría é estar alí arriba, así que apúntome a clases de guitarra da man de Matías Moreno con 16 anos e empecei a cantar nunha banda de punk rock cos meus amigos. Empezamos desde abaixo e

sen ter case coñecementos sobre o que estabamos facendo, pero facíano, e con moita actitude. Logo fun pasando por diferentes formacións e aquí sigo.  
**Que é Proyecto Valley?**  
 É a necesidade de escribir e contar historias. Unha catarse, unha forma de expresión. A mestura de todo o que son amosada de forma íntima, sinxela e directa. Deixáronme un día como cantautor, e aínda que adoptei ese termo a modo resumo cando me preguntan que fago, ségueme a parecer un concepto moi serio e algo pretencioso definirme como tal.  
**Participa en diversos actos, é unha cuestión de vocación ou tamén quere darse a coñecer?**  
 Pois un pouco de todo. Agradezo enormemente que queiran contar comigo para que actúe e faino sempre desde o corazón, pero o darse a coñecer tamén é importante. Ademais, escribo para ser escoitado, gústame que os meus temas ou os meus poemas cheguen á xente e xeren algunha sensación. Que fagan súas as miñas letras e que as interpreten como as sentan. Non son o tipo de persoa que escribe para si mesma, eu sempre sinto a necesidade de amosar o que fago.  
**Forma parte dalgunha asociación?**  
 Sí, formo parte da Asociación Cultural Rúa da Música, que leva anos facendo un papel fundamental na cultura underground de Sarria, tanto na súa labor como asociación musical como na organización do festival Garitosis, pero o máis interesante é que non somos os únicos. Sarria goza dunha gran programación cultural e dunha variedade envexable á de moitas cidades. Festivais con un nome reco-

ñecido no panorama nacional como é o Esmorga, festivais que traen o último e que che descubren nova música como é o Ribela Love and Nature... Temos tamén A Verbena fest, o festival Interxeracións de A Unión e se queremos remontarnos a música de outras épocas está o festival Sarria Blues no Camiño. Está tamén o Buril, que trae moitos concertos ao ano, e movementos de todo o máis underground como é a Asociación Huhú ou o bar Xarope. Se queremos algo máis tradicional están Peleríos e Meigas e Trascos, con unha traxectoria espectacular. Non quero esquecerme tampouco do Descenso Urbano e a asociación de coches a radiocontrol AC/RC. Ademais, este verán vaise celebrar a primeira edición dun novo festival, o Porta do Son. Tamén existen agrupacións de teatro, estudos de gravación, un coro, Sarria tamén é terra de bos escritores, escultores e anticuarios... Contamos cun interesante proxecto en xiros que é o museo Paixón Motor Slot. E xa se tiramos de historia estaría tamén Donicela, que organizaba eventos que lembro da miña nenez con moito cariño e o club Teixo, cuxos membros aínda seguen aportando ao panorama cultural. Creo que queda claro que Sarria sempre está no top a nivel cultural e que hai cabida para infinidade de gustos.  
**É fácil para unha persoa como vostede, dinámica e con aspiracións, vivir en Sarria?**  
 Por suposto. De adolescente cría que a chave estaba en núcleos urbanos grandes, pero co tempo cada vez me dan máis *repelús*. Realmente, movémonos entre Sarria e Lugo, ambos sitios pequenos, pero creo



que a chave da cultura está neste tipo de urbes. Ao final, calquera expresión artística auténtica vén de sitios pequenos, de clases traballadoras, de colectivos contraculturais e de xente de a pé que simplemente quere mostrar ao mundo a súa realidade. Tamén é necesario aprender a vivir coa tranquilidade e o silencio. En canto á diversidade... Creo que todo o mundo ten a capacidade de entendela, o caso é querer escoitar aos colectivos que dan visibilidade ás súas necesidades e que reclaman o dereito indiscutible da súa propia existencia. É unha loita máis, pero tamén está ben molestar ou incomodar de vez en cando. Non é cuestión de institucionalizar o non normativo, é cuestión de non arrincalle os seus dereitos. No meu caso, o que me puido traer algún problema foi a miña forma de expresarme a través da roupa. Aínda así teño que dicir que, agás cousas puntuais, nunca tiven ningún tipo de problema á hora de probar cun *look* un pouco máis arriscado. Si que é certo que con 18 anos daba algo de corte saír maquillado e co pelo cardado como as bandas de *glam* e *hard rock* que escoitaba por aquel entón e cría que nunha gran cidade iso non suporía ningún problema, pero puiden comprobar que a realidade tampouco

é todo iso e que os sitios pequenos tenden a acollerte. Teñen un punto moito máis acolledor e comfortable, non hai que ter prexuízos neste aspecto. En resumo, sempre me sentín cómodo en Sarria mostrándome tal e como son.  
**Que cre que necesita Sarria?**  
 Se miro atrás, o que botei de menos cando tiña 17 anos foi ter un local de ensaio de carácter público, xa que quen quería montar unha banda tiña que buscarse a vida para poder ter o seu local, o que tamén implica ter un equipo, cousa que custa diñeiro. Agora mesmo, Rúa da Música e algún local máis das inmediacións fan esta función e a cantidade de bandas reduciuse con respecto ás que había hai uns 15 anos, pero a creación dun espazo público para poder ir alí e tocar uns temas podería facer que esta situación cambiase. Unha boa sala de cine sería tamén algo que achegaría moito á vila. Lembremos que, nos seus tempos, Sarria contaba con tres cines que, por desgraza, acabaron pechando as súas portas. Gustaríame que a parte institucional siga contando con xente da casa e nos dea o noso espazo nas festas para que se inclúa a todo aquel que queira participar.



# Subirán as tarifas da piscina tras aprobarse, sen consenso, en pleno

O pleno ordinario do Concello de Sarria estivo marcado pola falta de consenso político e a concentración cidadá previa á sesión, con motivo da celebración do Día do Orgullo LGBTQ+. Antes de iniciarse a sesión, tivo lugar a lectura dun manifesto a favor da igualdade por parte da concelleira Isabel Varela, con motivo do Día do Orgullo LGBTQ+, acto ao que se sumaron varios membros da corporación e público asistente.

No debate institucional, un dos temas máis polémicos foi a decisión do goberno local de aprobar en solitario unha suba do 40 % nas tarifas da piscina climatizada municipal, que non se actualizaban dende 2019.

Segundo explicou o executivo que lidera Camiña Sarria, esta revisión dos prezos responde á necesidade de paliar parcialmente o déficit que xera o servizo, cifrado en arredor de 260.000 euros anuais. Con todo, mesmo tras o incremento, os novos prezos non chegan a cubrir os custos reais.

A proposta sairá agora a exposición pública, e establece que a matrícula pasará a custar 26,68 euros, o abono individual mensual 37,37 euros, e o trimestral 116,89. Os bonos por semestre e por ano ascenden a 186,89 e 296,83, respectivamente. Tamén se recollen bonificacións para familias numerosas, pensionistas e mozos. A entrada individual dun adulto situarase en 5,11 euros e a infantil en 2,98 euros.

A medida contou co rexeitamento dos grupos da oposición, que acusaron ao goberno de tomar esta decisión de forma unilateral. O PP advertiu de que unha suba tan pronunciada pode repercutir negativamente na asistencia da veciñanza. O BNG, pola súa banda,



cualificou de "irresponsable" o papel da oposición ao non presentar alternativas realistas. Porén, só o PSOE votou en contra, mentres que os outros dous partidos políticos se abstiveron.

**MOCIÓNS DO PP.** No mesmo pleno, a corporación tamén debateu sobre a situación do tren en Sarria. "Sarria é un dos principais puntos de inicio do Camiño de Santiago e a segunda estación máis importante da provincia de Lugo en número de viaxeiros. Por iso, a súa conexión ferroviaria considérase clave para o desenvolvemento turístico, económico e social da vila, así como para a mobilidade diaria de estudantes, traballadores e peregrinos", destacou a portavoz popular, Carmen José López, que denunciou "o deterioro progresivo do servizo ferroviario, coa perda de conexións directas como as de Ourense ou Madrid, demoras frecuentes, falta de prazas dispoñibles e modificacións horarias que dificultan as conexións con outros trens", o que está a afectar de forma directa á veciñanza e á actividade turística e comercial da comarca.

Entre as medidas que propuxo o PP están a recuperación das conexións directas con Lugo, Ourense, Madrid e Barcelona, a garantía de servizos mínimos adecuados á demanda local, especialmente en tempadas de maior afluencia como o verán ou as épocas de peregrinación, así como a mellora da puntualidade, a atención ás incidencias e a dispoñibilidade de prazas. O Grupo Popular reclamou tamén que o goberno municipal exerza o seu papel como administración máis próxima, defendendo os intereses da vila ante as institucións competentes.

A moción foi aprobada co seu apoio e o do PSdeG, mentres que Camiña Sarria e o BNG se abstiveron. O voceiro nacionalista, Efrén Castro, criticou a posición do PP e valorou os investimentos do Goberno do Estado en infraestruturas ferroviarias. Tamén saíu adiante a outra moción popular, na que pediron un proceso aberto e participativo para elaborar os orzamentos municipais. Esta foi apoiada por BNG e PSOE, pero o alcalde sarriao, Claudio Garrido, sostivo que "para haber negociación, debe haber vontade de diálogo".

## Sarria lanza a súa programación de actividades de verán



O Concello de Sarria presenta a súa oferta de actividades de verán dirixida á rapazada do municipio, cunha programación coordinada polas concellerías de Cultura, Deportes e Igualdade que ten como obxectivo ofrecer espazos de lecer saudable, aprendizaxe e socialización, á vez que se facilita a conciliación da vida familiar e laboral durante o período estival.

A área de Cultura pon en marcha unha nova edición do programa 'Camiños de Cultura 2025', pensado para nenas e nenos nados entre 2017 e 2021. Talleres, manualidades e actividades lúdicas desenvolveranse entre o 1 de xullo e o 14 de agosto, de 9:30 a 14:00 horas, na Casa da Cultura. Desde a Concellería de Deportes organízase unha nova edición do campamento 'Aventura no Camiño 2025', centrado na animación socio-deportiva para menores nados entre 2009 e 2016.

O campamento terá lugar nas instalacións deportivas municipais do 1 de xullo ao 29 de agosto, tamén en horario de 9:30 a 14:00

horas.

Pola súa banda, a Concellería de Igualdade desenvolverá, dentro do Programa Sarria Concilia, unha ludoteca de verán con 155 prazas dispoñibles para nenos e nenas de educación infantil e primaria, nados entre 2016 e 2021. O servizo divídese en catro quendas quincenais, entre o 1 de xullo e o 30 de agosto, ofrecendo ademais opcións de madrugadores e garda ao mediodía. As actividades terán lugar no CEIP Frei Luís de Granada e no IES Gregorio Fernández, e están dirixidas a familias empadroadas con proxenitores que traballen ou estuden.

Ademais, xa está aberta a piscina exterior de Sarria, que permanecerá dispoñible ata o 7 de setembro, cun amplo horario de 12:00 a 21:00 horas.

Os carnés de acceso para o resto da tempada xa se poden xestionar na piscina climatizada. Deste xeito, Sarria dá comezo á súa campaña de verán convidando a todos e todas a mergullarse na piscina.



**PIZZERIA PAPARAZZI**  
100% ITALIANI

**!!OFERTAS ESPECIALES!!**

**-50%** en la segunda pizza familiar

**-25%** en la segunda pizza mediana

**Martes**  
Familia de Jamón a Bacon  
8€

Servicio a domicilio  
Rúa Diego Pazos, 30 - Balao Sarria  
982 012 026

**COMIDA PARA LLEVAR**

**cafe CUBAN bar**

**1º PREMIO**  
XV CONCURSO DE TAPAS  
TAPICHEO'22

Matías López 100, SARRIA - cafeteriabarcubano@gmail.com  
Tfno.: 982 886 580



## Conta atrás para o Ribela Love e o Esmorga Fest



O Festival Love Nature, que celebrará a súa terceira edición os días 22 e 23 de agosto, xa ten completo e confirmado o seu cartel de artistas. Estes son Pangaea, que fusiona *techno*, *UK garage* e *bass music*; Architectural, coa súa música electrónica experimental, mesturando *techno* e industrial; Identified Patient, que destaca pola súa proposta intensa de *techno* e industrial con atmosferas densas e hipnóticas; Roni, que achega unha mestura de ritmos experimentais que se sitúan entre o *techno* e o *post-punk*; Jasss, que combina industrial, EBM, *techno* e *ambient* cunha carga emocional profunda e unha técnica sofisticada; Aiken, que representa o *techno* máis puro e mental cun estilo hipnótico e estético escuro; Alba Franch, que explora a electrónica experimental con ritmos máis orgánicos e bailables; Javier LG, que destaca pola súa versatilidade dentro da música electrónica, especialmente no *house*, *techno* e *sons underground*; Jor Ginho, que ofrece un estilo ecléctico e enerxético que combina electro, *breakbeat* e *techno*; Croatian Amor, que mestura música ambiental, electrónica e experimen-

tal; Ángela Salvi, que aposta por unha proposta sonora experimental e inmersiva; e I Error, que presenta unha mestura conceptual de *glitch*, *ambient* e *techno*, construíndo paisaxes sonoras cheas de tensión. Este evento, ademais, combina natureza, música, gastronomía e sustentabilidade para ofrecer unha experiencia única.

**ESMORGA FEST.** O Esmorga Fest, pola súa parte, celébrase os días 17 e 18 de outubro, e contará na súa décima edición con artistas destacados como La Habitación Roja, que achegará a súa música enérxica e cargada de melancolía; mentres que Anabel Lee presentará o seu pop alternativo e intimista. Bum Motion Club porá a chispa máis festiva e rítmica ao festival, cunha mestura de *funk*, *soul* e *groove* perfecta; e Oh Hiroshima traerá unha experiencia sonora cun *rock post-metal* cargado de emoción e atmosferas envolventes. Finalmente, Mujeres, que segue a consolidarse no panorama alternativo español, achegará o seu potente son que combina rock, noise e psicodelia, impactando a todos os espectadores.

## O Ulteira et Suseia regresa con música, danza e narración

A cuarta edición do festival Ulteira et Suseia terá lugar en Sarria do 14 ao 20 de xullo. O cartel deste ano mestura espectáculos de narración oral, danza, teatro, música e humor, con propostas que combinan tradición e modernidade; o obxectivo é ofrecer unha programación plural e atractiva para todo tipo de público, implicando a toda a comunidade de Sarria, sen importar a idade. Un dos elementos característicos de Ulteira et Suseia é a participación activa das asociacións culturais da comarca, que colaboran na creación de contidos exclusivos. Así, iniciativas como as Camiñografías, paseos escénicos pola historia e a esencia de Sarria volverán contar con colectivos locais como Meigas e Tragos, Peleríños ou Rebuldeira Teatro, aos que se suman este ano a asociación cultural lucense Axeigo e os *influencers* galegos Pepe e Lucas.

**ACTIVIDADES POR DÍAS.** A programación comezará o 14 de xullo con Contos sonoros, unha proposta que mestura música en directo e narración oral, da man de Cándido Pazó e da Banda de Música de Sarria. Este



formato repetirase o día 17 coa narradora Carmen Domech, acompañada pola Banda Comarcal de Sarria. A danza terá un protagonismo especial con Danza no Camiño, un proxecto de danza na rúa vinculado ao Camiño de Santiago. Mentres, o 15 de xullo haberá un obradoiro de baile tradicional infantil para os máis pequenos, mentres que pola noite celebrárase a primeira Camiñografía desta edición, coa participación de Axeigo e Pepe e Lucas. O programa complétase coa narración oral infantil de César No o 17 de xullo, a primeira edición das Olimpíadas

Rurais o 18 de xullo, e o monólogo de Luis Zahera ese mesmo día. O 19 de xullo terá lugar a representación de A Regueifa Ambulante, con Josiño da Teixeira, Lupe Blanco e Manolo Maseda, así como os concertos dos artistas Ryu e Saha, Carabela (gañadores do Premio NARF 2024) e a asociación Rúa da Música. O festival pecharase o 20 de xullo coa segunda edición da Camiñografía coa participación de Meigas e Tragos, Peleríños e Rebuldeira Teatro, e un encontro participativo que combinará un obradoiro de baile cunha foliada aberta con Sarricanta.

## O Porta do Son levará a Sarria máis de oito horas de música o día 12 de xullo

Sarria contará este verán cun novo evento musical de gran formato: o Festival Porta do Son, que se celebrará o vindeiro 12 de xullo no campo de rugby da vila. O festival, que nace coa ambición de converterse nun referente na programación cultural da

comarca, ofrecerá máis de oito horas continuas de música en directo, cun cartel centrado na música urbana española, a electrónica, o indie pop e o rock. Xa se coñecen os primeiros nomes que formarán parte do cartel desta primeira edición: Dann Valero, Sote, Adrián Gold, Jorge

Álvarez, Carlej e Skiniz, todos eles DJs recoñecidos dentro do panorama musical actual. A programación completa, segundo avanza dende a organización, incluírá tamén actuacións de artistas de primeiro nivel, completando unha xornada musical sen interrupcións.

ESTE VERANO NO DESCUIDES TU SALUD BUCODENTAL



- Odontología estética
- Odontología preventiva
- Endodoncia
- Prótesis
- Odontopediatría

- Ortodoncia
- Implantología oral
- Cirugía oral
- Periodoncia
- Patología de la oclusión

¡VEN A CONOCER A NUESTRO EQUIPO DE ESPECIALISTAS!



CLÍNICA  
OBRADOIRO  
DENTAL

C-27-001438

- **DRA. IRIA GASAMÁNS.** Odontología general, endodoncia y prótesis. Colegiada 27001306.
- **DR. ALFREDO RODRÍGUEZ GRANDJEAN.** Cirugía oral e Implantología. Colegiado 15001940.
- **DR. SAMUEL GARABAL.** Ortodoncista. Colegiado 27001180.
- **ANISSA AMANCHAR.** Higienista bucodental. Colegiada 1674.

Rúa Pedro Saco, 37 • Tel. fijo: 982 831 632 • Móvil: 621 404 218



# Sarria renderá homenaxe a Jorge López cunha xornada xacobeas

Jorge López Rodríguez, histórico presidente da Asociación de Amigos do Camiño de Santiago na Comarca de Sarria, será homenaxeado o vindeiro sábado, 12 de xullo, con motivo de cumprirse ese día o ano do seu pasamento.

Esta actividade consistirá nun percorrido desde a sede da Asociación que presidía Jorge López ata o Concello de Sarria, onde terá lugar un acto institucional. Despois, as persoas participantes xuntaranse para celebrar un xantar conxunto nun establecemento da vila de Sarria.

Así, ás 11:30 horas comezará a peregrinación simbólica en recordo de Jorge entre a Oficina de Acolli-da ao Peregrino de Sarria e a Casa do Concello polo Camiño Francés, ata chegar ao Salón de Plenos do Concello de Sarria ás 12.30 horas. Despois das intervencións das autoridades, ás 14:15 horas terá lugar a comida de irmandade en Pendellos do Campo da Feira.

Desde a organización, a Asociación de Amigos Peregrinos do Camiño de Santiago en Lalín, agradecen "o enorme apoio recibido de asociacións xacobeas de toda Galicia e España, e nalgún caso, do estranxeiro. Así como de particulares e xentes do Camiño que o coñecían e que mantiñan contacto con el desde os máis insospeitados lugares. Tamén, por suposto, agradecer o apoio da propia Asociación de Amigos do Camiño da Comarca de Sarria, que el encabezou, do Concello, que participa de xeito activo na homenaxe e cede o seu salón de plenos para o acto central, e de Cruz Vermella". Ademais, lembran que "o programa de actos está aberto a todo o mundo, de xeito libre, sen necesidade de ter que confirmar asisten-



cia. Iso si, no caso da comida de irmandade será necesario adquirir o vale correspondente e o prezo da comida é o establecido pola pulpería, a que queremos agradecer a súa disposición", explican.

**ENTIDADES PARTICIPANTES.** Este evento contará con diversas entidades participantes: Concello de Sarria, Mancomunidade de Municipios Galegos do Camiño de Santiago, Concello de Triacastela, Federación Galega de Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago, Federación Española de Asociaciones de Amigos del Camino de Santiago, Camino Francés Federación, Fraternidad Internacional del Camino de Santiago, Asociación de Amigos do Camiño de Santiago da Provincia de Lugo, Asociación de Amigos del Camino de Santiago de Uclés-Cuenca, Asociación Peregrinos por Cantabria, Asociación de Amigos del Camino de Ávila, Asociación de Amigos del Camino de Shikoku (Shikoku Henro, Xapón), APECSA. Asociación de

Periodistas e Estudados do Camiño de Santiago, Grupo Xacobeo Sarria, APACA. Asociación Protectora de Animales del Camino de Santiago, AGALBER. Asociación Galega de Albergues Privados, MACMA. Asociación de Mujeres Afectadas de Cáncer de Mama, Asociación KIÔDÔ, Gaiteros de Goián.

**A FAMILIA DE JORGE LÓPEZ.** A nova directiva da Asociación Amigos do Camiño de Santiago na Comarca de Sarria, encabezada pola viúva de Jorge López, Elvira Vila, mantén intacto o legado do seu marido, que impulsou a entidade durante anos. "Seguiremos a mesma liña de traballo, enfocados en axudar ao peregrino e aos albergues asociados", aseguran. "Jorge facía un traballo de plena dedicación, era vocación pura. Grazas a el, a asociación é hoxe unha referencia", recoñecen. Algunhas persoas, mesmo agora, seguen achegándose ou facendo doazóns en recordo á súa figura.

# A Verbena Fest regresa a Sarria en agosto



A Verbena Fest volve este verán cun formato renovado de dúas xornadas cheas de música ao aire libre, festa e emocións intensas.

O evento celebrarase os días 1 e 2 de agosto en Sarria e contará con 10 bandas e DJ, distribuídos en diferentes espazos para gozar, bailar e vivir a música sen filtros.

O venres 1 de agosto, a entrada será de balde no Escenario Meigallo, onde actuarán De Ninghures, Alison Darwin e Saha & Ryu.

O sábado 2 de agosto, haberá ver-mú tamén con entrada libre no

Escenario Don Pepe, con concertos de Veciños, Montedepena e Grande Osso.

Pola noite, o Escenario Meigallo acollerá os concertos principais da xornada, con Cala Vento, Ortiga, Shego, El Chico López, Louband e de novo Grande Osso. Para esta sesión nocturna do sábado, a entrada será de pago.

A Verbena Fest ofrece unha experiencia que mestura a enerxía das verbenas tradicionais cun estilo propio, moderno e cheo de identidade local.

# Renovan o parque do Chanto con novos xogos inclusivos

O Concello de Sarria está a realizar melloras no parque infantil do Chanto para renovar dez xogos, dos cales a maior parte serán inclusivos para todos os nenos e nenas. Esta actuación lévase a cabo tras manter conversas coa Plataforma Diversa Infantil para coñecer de primeira man as necesidades reais de diversidade da vila.

Cun orzamento de 44.000 euros, as obras comezaron coa instalación dunha valado de madeira no perímetro da zona máis próxima ao río.

Ademais, colocárase un pavimento de caucho absorbente de impactos, ampliando en 100 metros cadrados a superficie deste firme e acondicionando outros 50 metros que se atopaban en mal estado.

Tamén se instalarán paneis educativos, como o tradicional xogo do tres en raia. As obras obrigan ao peche temporal dunha parte do parque, concretamente na zona máis próxima ao local O Meigallo e á entrada, que será acondicionada para mellorar a súa accesibilidade.

**PREFABRICADOS  
Y HIERROS  
TOURÓN**

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



**NUEVO  
SERVICIO:  
PLANTA DE  
HORMIGÓN**



Móvil: 692 946 694  
629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

**Prefabricados y Hierros  
TOURON, S.L.**

Vilar de Sarria, 34  
27614 Sarria - Lugo  
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501  
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933  
email: hierrostouron@gmail.com



## A campaña '60x1.000' volve ás rúas de Sarria



A Asociación de Comerciantes e Artesáns de Sarria vén de presentar unha nova edición da campaña “en 60 minutos 1.000 euros – 60x1.000”. O lanzamento da promoción, que estará activa durante todo o mes de xullo coincidindo co período de rebaixas, contou coa participación de Ricardo Arias, presidente da asociación, e de José Ignacio, propietario do establecemento Senayo. A mecánica da campaña mantén o seu espírito orixinal, que leva preto dunha década animando as compras no comercio local: unha persoa será premiada con mil euros que deberá gastar nun máximo de sesenta minutos nos establecementos adheridos.

A iniciativa pretende incentivar o consumo de proximidade, premiar a fidelidade da clientela e dinamizar economicamente as rúas da vila. Máis de trinta comercios participan nesta edición, entre os que se inclúen tendas de moda, complementos, deporte, óptica, herboristería, fotografía, decoración e moitos outros sectores. As compras realizadas nestes negocios durante o mes de xullo permitirán ás persoas consumidoras optar ao gran premio, que poderá gastarse libremente seguindo as condicións recollidas nas bases da campaña.

## Xa está aberto o prazo de matrícula na Escola de Música

Vén de abrir o prazo de matrícula na Escola Municipal de Música de Sarria para o curso 2025/2026, polo que todas as persoas interesadas xa poden reservar unha praza para formalizar a súa matrícula. Así, o calendario de inscricións será, para o alumnado con reserva de praza, ata ao 9 de xullo; mentres que para aquel alumnado con

matrícula preferente, que é aquel alumnado do curso anterior que solicita instrumento por primeira vez, nado no 2019 ou antes, a inscrición será do 14 ao 17 de xullo. Pola súa parte, a inscrición para persoas de novo ingreso será do 22 ao 31 de xullo e os que entren no período extraordinario poderán inscribirse do 7 ao 14 de xaneiro de 2026.

## A arte dixital irrompeu na vila coa proposta ‘Na xanela’

A Asociación Que Facemos de Sarria organizou unha actividade no marco do segundo bloque expositivo da TST1 ARQUIPÉLAGO INTERIOR da Asociación Huhú na liña de actividades Fóra Sede, que ten como obxectivo achegar a arte contemporánea non só na Sede, senón tamén en espazos abertos da vila de Sarria. A través da proposta 'Na xanela', a veciñanza de Sarria poderá contemplar unha proposta de arte dixital nas rúas da vila, como a Casa do Marqués. Así, dará a posibilidade de desfrutar deste novo concepto da curadoría de Que Facemos, ao igual que na Sede segue exposta 'Vin cousas que non creríades', coa curadoría de Juan Luís Toboso e a obra dos artistas Lois Cid, Loreto Martínez Troncoso, María Paz e Rubén Santiago. O concepto é ‘Na xanela’, tal e como explican desde Que Facemos, "busca ser unha interferencia, unha imaxe que aparece onde non



debería, xusto cando xa deixaras de mirar. Ventás esquecidas activaríanse. Unha interrupción que se cruza no teu camiño sen pedir permiso, unha imaxe acesa apuntando directamente a ti. Un convite a un peregrinaxe inmóbil: o que acontece cara dentro, cando o de fóra nos interpela de forma inesperada. Que esas imaxes proxectadas sobre a pel antiga da vila funcionen como

faros inesperados: non tanto para sinalar un porto, como para iluminar unha encrucillada. Non tanto como unha promesa, senón como un espello fragmentado onde cada quen albisque algo da súa propia procura. Quizais o tesouro sexa ese: recuperar a capacidade de abrairse ante o que sempre estivo aí, agardando a ser visto de novo, por primeira vez".

## Xunta e Concello preparan un proxecto de reforma do campo da Ribela

A Xunta de Galicia e o Concello de Sarria están a ultimar a definición dun proxecto de reforma urxente do Estadio Municipal da Ribela co obxectivo de atender as demandas formuladas pola SD Sarriana despois de conseguir recentemente o ascenso á Segunda RFEF. O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, reuniuse co alcalde de Sarria, Claudio Garrido; co concelleiro de Depor-

tes, Félix Seijas; e coa voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, Carmen José López, para coñecer de primeira man as necesidades prioritarias e avanzar nun posible acordo de colaboración económica. O encontro celebrouse na Delegación Territorial da Xunta en Lugo, onde Arias manifestou a vontade do Goberno galego de cuantificar e confirmar “nun prazo breve” o investimento

que se poderá destinar a esta actuación, co obxectivo de que as reformas acordadas poidan comezar o antes posible. A remodelación do campo preséntase como unha prioridade tanto para o club como para o executivo local, xa que a nova categoría competitiva esixe melloras nas instalacións que garantan o cumprimento dos requisitos establecidos pola federación.

**OSCAR**  
ALQUILER DE COCHES

951 12 93 33

OSCAR.ES

# Alquiler de Vehículos en Sarria

**VEHÍCULOS INDUSTRIALES**

DESDE **36€** /DÍA

**TURISMOS**

DESDE **30€** /DÍA

**MONOVOLUMEN 6-9 PLAZAS**

DESDE **90€** /DÍA

200 KM INCLUIDOS AL DÍA Y SEGURO

**NOPER CAR**

**TENEMOS UN COCHE DE ALQUILER PARA CADA NECESIDAD**

Viajes, eventos, Camino de Santiago, coches de sustitución, vacaciones...






**O MIRALLOS**

Comida Casera  
Cocidos por encargo  
Pollos camperos caseros (por encarga)

Mirallos 1, Paradela  
RESERVAS:  
TEL.: 639 010 696




**RESTAURANTE A CARBALLEIRA DE REBOLEIRA**  
LEÑA Y CARBÓN

**MAESTROS DE LA PARRILLA**

Instagram: a.reboleira.restaurant  
San Martín de Río Lancia  
A Reboleira 27692  
Tlf: 641 027 705



- PRODUCTOS ECOLÓGICOS, HUERTO PROPIO
- TERNERA GALLEGA SUPREMA
- ASADOS EN HORNO DE LEÑA
- ESPECIALIDAD EN CARNES A LA BRASA

RESERVAS:  
Telf. 982 546 063

Facebook: Casa de Río Padron





982 535 334  
697 491 756  
Calvo Sotelo, 124  
27600 SARRIA (Lugo)

**A Pulperia de Luis**




**RIO LOYO**  
Restaurante

**Mesón O Castro**



Domingo noche / lunes cerrado  
Amplia terraza de verano  
Comida para llevar

Reservas  
Cimo de Agra, s/n - Sarria / Tel. 982 041 697





**Pontenova**  
mesón restaurante

Amplia terraza de verano  
Servicio de catering  
Comida casera  
Especialidad en carnes a la parrilla y caza

Tel.: 982 546 003

Instagram: Catering\_meson\_a\_pontenova  
Facebook: Meson pontenova






**A Fervenza**  
CASA GRANDE & RESTAURANTE

Tel.: 982 15 16 10 - info@fervenza.com  
Abrimos todos los días, carta elaborada con productos de proximidad  
Eventos y reuniones





# Pequenas xoias culturais ocultas

Espazos únicos espallados por toda Galicia amosan coleccións sorprendentes sobre videoxogos, xoguetes antigos, maquinaria agrícola ou traxes tradicionais, e reivindicando outro xeito de vivir a cultura, máis íntimo e comprometido coa memoria local

Por Galicia adiante existen museos que non adoitan figurar nas rutas máis transitadas nin nos folletos turísticos de cores brillantes. Espazos culturais que, lonxe do ruído mediático ou da masificación, conservan a súa autenticidade e ofrecen unha experiencia de descubrimento. Son museos que nacen da paixón de persoas concretas, da memoria colectiva ou da necesidade de preservar un legado cultural ou tecnolóxico. E nese silencio relativo, acadan unha forza particular.

## MUVI

Un deses exemplos atópase en Cangas do Morrazo, onde funciona o MUVI, Museo dos Videoxogos, que moitos descoñecen pero que pode presumir de ser pioneiro no seu eido. O centro é tanto interactivo como divulgativo, cun percorrido que leva ao visitante pola evolución da microconsola, do ordenador e do videoxogo. Máis de 150 sistemas electrónicos amosan como cambiaron as formas de xogar e tamén os obxectos que acompañaron xeracións enteiras. Dende consolas dos anos 80 ata dispositivos máis actuais, o MUVI convida a redescubrir aparellos que quizais moitos teñan esquecidos nalgún recuncho da casa, convertidos xa en pequenas reliquias da tecnoloxía doméstica.

## MUSEO DOS XOGUETES

Sen afastarse demasiado do universo lúdico, cómpre mencionar os museos do xoguete, repartidos por varias localidades galegas. En Allariz, o Museo Galego do Xoguete ocupa unha casa señorial do século XVIII. A súa orixe está ligada á xenerosidade dun veciño, Alberto Oro Claro, quen doou unha colección persoal de preto de 800 xoguetes de diferentes épocas, que van dende comezos do século XX ata mediados dos anos 60. Os xoguetes son testemuñas materiais dunha infancia doutros tempos, de xeitos de xogar, educar e soñar que xa non existen, pero que seguen a emocionarnos.

En Lalín, concretamente no Pazo de Liñares, atopamos outro Museo do Xoguete, alimentado pola colección de Antonio Chaves. A mostra reúne pezas únicas que permiten observar



a evolución do deseño, dos materiais e mesmo das ideas pedagóxicas arredor do xogo. A colección é un exercicio de memoria compartida, tanto para adultos como para crianzas. Un enfoque máis orixinal ofrece o MELGA, Museo Etnolóxico do Xoguete, situado en Ponteceso. A súa especialización céntrase nos xogos e deportes tradicionais, facendo un repaso desde a prehistoria ata os nosos días. A través de paneis, réplicas e obradoiros, o museo pon en valor formas de xogo que forman parte da tradición galega e europea, contribuíndo a recuperar prácticas que, sen espazos coma este, correrían o risco de desaparecer.

## MUSEO DO FERROCARRIL

Tamén a tradición ferroviaria ten o seu lugar destacado en Galicia, e o exemplo máis significativo é o MUFERGA, Museo do Ferrocarril de Galicia, situado en Monforte de Lemos. Unha das xoias desta institución é a súa rotunda ferroviaria, un antigo taller de tracción cunha estrutura única en España: 38 vías radiais e un ponte transbordador xiratorio que permiten visualizar como se manexaban as locomotoras noutra época. O museo conserva tamén locomotoras e vagóns de distintas décadas e ofrece un parque


temático a pequena escala que entusiasma ao público familiar. A visita supón un regreso ao tempo no que o tren era a columna vertebral da mobilidade interior galega.

## MUVICLA

Moi preto, en Trasliste (Láncara), atópase o MUVICLA, siglas de Museo Vivo e Integrado do Campo e da Locomoción Agraria. Aquí non só se expoñen tractores e maquinaria, senón que o propio museo está inserido nunha explotación agrícola en funcionamento. A finca dedícase á produción de mazá e á cría de tenreira, e isto permite que o visitante observe de primeira man o uso real e pasado das ferramentas agrícolas. O MUVICLA conta a historia da mecanización do campo galego, e permite, entre outras cousas, dar un paseo nun tractor clásico. Máis que un museo, é unha experiencia.

## MUSEO DO MOUCHO

Pero se falamos de singularidade, poucos centros tan inesperados como o Museo do Mouchio, situado en Cerceda. Fundado en 1994, acolle unha colección de máis de 5.000 pezas relacionadas con esta ave nocturna que tanto fascina a sabios e supersti-



ciosos. Hai esculturas, pinturas, obxectos de xoiería, pezas artesanais e ata instalacións interactivas, todo arredor do mouchio. O museo naceu do coleccionismo e da devoción, e hoxe constitúe un espazo de reflexión e humor arredor dun símbolo cultural moi presente no imaxinario galego.

## CENTRO A MINA

Por último, cómpre mencionar o centro de interpretación A Mina, nas Pontes, situado na antiga Casa da Enerxía. Esta instalación convida a reflexionar sobre o pasado industrial da vila, especialmente vinculado á extracción de lignito pardo. O espazo ofrece contidos gráficos, audiovisuais e paneis explicativos que afondan na historia da mina e na súa pe-

gada ecolóxica e social. Trátase dun exemplo de como a memoria industrial pode converterse nun recurso cultural de valor. En definitiva, os museos menos coñecidos de Galicia forman un mapa paralelo da nosa identidade. Espazos pequenos, moitas veces xestionados por persoas ou asociacións locais, que gardan historias extraordinarias. Nun tempo no que todo parece pasar pola visibilidade en redes sociais e o turismo masivo, estes museos reivindicando outro xeito de coñecer: máis tranquilo, máis próximo, máis humano.

## MUPEGA

Santiago de Compostela, capital da cultura galega por antonomasia, agocha tamén algúns espazos pouco coñecidos. Un deles é o MUPEGA, Museo Pedagóxi-



co de Galicia, onde se mostra a evolución da escola galega a través de mobiliario, libros, instrumentos e fotografías de distintas épocas. O visitante pode observar aulas recreadas do século XIX ou material didáctico xa en desuso, que permite comprender mellor o proceso educativo das xeracións pasadas. Outro espazo destacable é o Museo de Historia Natural, no Parque de Vista Alegre, con dioramas que reproducen os hábitats de distintas especies animais e unha das maiores coleccións malacolóxicas do mundo, a de Emilio Rolán. A mostra de minerais complementa a visita, que resulta tan atractiva para familias como para persoas investigadoras.

MUSEO DO TRAXE

Hai nomes que deixan pegada, e un deles é o de Juanjo Linares, bailarín e mestre nacido en Ordes, figura fundamental na recuperación das danzas tradicionais. O museo que leva o seu nome, Museo do Traxe Juanjo Linares, está situado na súa vila natal e xorde a partir da súa doazón persoal: máis de mil traxes de baile, dos cales se expoñen uns 260. A colección inclúe vestimenta tradicional galega de diferentes épocas, traxes utilizados polo propio Linares e pezas que pertenceron a artistas de renome, como Antonia Mercé ou Antonio Gades. É un museo que, máis alá da indumentaria, fala do movemento, da escena e da identidade.

MUSEO DE CORNAMUSAS

A música tamén ten o seu espazo noutros puntos de Galicia, como na Escola Provincial de Gaitas de Ourense. Alí, ademais de formar ás novas xeracións de músicos, albergan o Museo Internacional de Cornamusas, unha colección única que reúne gaitas de Galicia, Europa, Asia e África. É un percorrido



sonoro e visual pola diversidade dun instrumento que, malia as súas múltiples variantes, comparte estruturas básicas e unha mesma alma musical.

MUSEO BONITEIRO

Dentro do eido etnográfico, Galicia está chea de pequenos museos locais que documentan oficios, rituais e formas de vida propias de cada comarca. Pero

hai un espazo que destaca pola súa orixinalidade: o Barco Museo Boniteiro Reina del Carmen, en Burela. Trátase dun barco de madeira construído nos anos 60, que foi transformado nun museo flotante sobre a pesca do bonito e a vida mariñeira. A visita permite coñecer os espazos reais nos que vivían os mariñeiros, as técnicas de pesca, o funcionamento do motor, e todo o que rodea a cultura do

mar. É, como din algúns visitantes, “unha viaxe ao centro do océano sen saír do porto”.

MUSEO DO HUMOR

E como non todo vai ser solemnidade, en Fene funciona dende hai anos o Museo do Humor, impulsado por Xaquín Marín, unha das figuras máis queridas do humor gráfico galego. O museo alberga exposicións

permanentes e temporais de caricatura, cómic, ilustración e obxectos curiosos. Un percorrido polas salas permite coñecer o traballo de autores como Siro, Davila, Pinto & Chinto ou Castelao, e tamén de humoristas doutras latitudes. O centro organiza actividades, premios e actuacións, e busca conectar co público dende a risa e a crítica, entendendo o humor como un instrumento de pensamento.

INFORMACIÓN

|                                                                                                                                                                                                                                                                       |                                                                                                                                                                    |                                                                                                                                                                                                                                                     |                                                                                                                                                                                                                             |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>MUVI, Museo dos videoxogos</b><br>Rúa Aragón, 2, Cangas, 36940.<br><b>Horario:</b> Sábados de 16.30 a 21.00 horas                                                                                                                                                  | <b>Museo do Xoguete en el Pazo de Liñares</b><br>Liñares, s/n, Lalín.<br><b>Horario:</b> De martes a sábado: 11:00 a 14:00, 17:00 a 20:00 horas.                   | <b>Museo do Ferrocarril, MUFERGA</b><br>Padre Feijoo, s/n, Monforte de Lemos<br><b>Horario:</b> Mércores a Venres: 11:00-14:00 e 16:00-19:00 horas. Sábados e domingos: 10:00-14:00 e 15:00-19:00 horas. Festivos: 12:00-14:00 y 17:00-19:00 horas. | <b>Barco Museo Boniteiro Reina del Carmen</b><br>Explanada portuaria de Burela<br><b>Horario:</b> consultar chamando ao 982 888 506 (desde febreiro ata o 31 de outubro) - 982 586 000 (do 1 de novembro ao 31 de xaneiro). |
| <b>Museo Galego do Xoguete</b><br>Rúa Portelo 4, Allariz.<br><b>Horario inverno:</b> Sábados, domingos e festivos: de 11:00 a 14:00 y de 17:00 a 19:00. Xaneiro pechado.<br><b>Horario verán:</b> De martes a domingo e festivos: de 11:00 a 14:00 y de 18:00 a 20:00 | <b>MELGA, Museo Etnolúdico do Xoguete</b><br>Avda. de Bergantiños 65, Ponteceso.<br><b>Horario:</b> Sábados 11:00 a 14:00 e 17:00 a 19:00. Domingos 11:00 a 14:00. | <b>Museo do Traxe Juanjo Linares</b><br>Praza do Campo da Feira, 5, Ordes<br><b>Horario:</b> Martes a sábado de 10:00 a 14:00 e de 17:00 a 20:00 horas.                                                                                             | <b>Museo do Humor de Fene</b><br>Avenida de Conces, 20-22<br><b>Horario:</b> Luns a venres de 10 a 13 horas e de 16 a 21 horas. Sábados de 10 a 13 horas.                                                                   |
| <b>MUVICLA</b><br>A Eirexe 1, Trasliste, Láncara<br>Calquera día do ano con cita previa                                                                                                                                                                               | <b>Museo do Moucho</b><br>Edificio de Servizos Múltiples. Avda de Galicia, 37, Cerceda.<br><b>Horario:</b> De martes a sábado de 10 a 13 e de 16 a 19 horas.       | <b>Museo Internacional de Cornamusas</b><br>Doutor Temes S/N Ourense<br><b>Horario:</b> Luns a venres: 9.30-14.30 horas.                                                                                                                            | <b>Centro de Interpretación de A Mina</b><br>Alcalde José Vilaboy Pajón, s/n, As Pontes.<br><b>Horario:</b> consultar 981 453 116                                                                                           |



# DEPUTACIÓN

## O Impulsa TIC renovará equipos e sistemas de protección nos concellos

A Xunta de Goberno aprobou ampliar o proxecto Impulsa TIC, o programa que lanzou a institución provincial para a transformación dixital e modernización das administracións locais da provincia. Así o explicou a voceira socialista, Pilar García Porto, quen detallou que “concretamente, acordamos licitar dúas novas actuacións por algo máis de 240.000 euros para a instalación dunha nova infraestrutura que permita mellorar as capacidades e servizos de 31 concellos”. Para paliar esta situación, a Deputación de Lugo licita dous proxectos por un importe de 120.879 euros cada unha para os 31 concellos que solicitaron participar nesta nova actuación. O primeiro deles irá destinado á renovación de servidores municipais. “Dotaremos a

estes concellos de equipos informáticos novos de última xeración para ampliar as capacidades e recursos tecnolóxicos dos servidores municipais actuais, con medidas de seguridade e dispoñibilidade”, explicou García Porto, quen engadiu que dentro do contrato non só se realizará o subministro, senón que se instalará e configurará en cada concello para que quede completamente operativo. A Deputación levará a cabo un segundo proxecto para implantar sistemas de protección e de copias de seguridade, que preveña por unha parte de accesos indebidos aos principais servidores e, por outra, que conteña proteccións ante cortes de subministro eléctrico, co fin de aumentar a seguridade e dispoñibilidade dos servizos municipais.



## Unha sesión formativa do Xeopadrón arranca para os 67 concellos

Os representantes dos 67 concellos da provincia participaron na xornada técnica organizada pola institución provincial para poñer en marcha o Xeopadrón, o programa de dixitalización da información municipal. A cita contou coas explicacións dos responsables da empresa adxudicataria sobre o alcance das primeiras tarefas desta iniciativa na que a Deputación inviste 1,3 millóns de euros. Na xornada, participaron máis de 50 persoas, entre alcaldes, alcaldesas, tenentes de alcaldes e técnicos municipais. Esta nova iniciativa da institución provincial ao servizo dos concellos está pensada “para avanzar na modernización da administración local”, explicou José Tomé, quen valorou

ademais que “contar cun padrón municipal actualizado, rigoroso e vinculado ao territorio é clave para planificar ben, xestionar mellor e tomar decisións informadas”. “Iso é o que nos propoñemos con Xeopadrón: mellorar a calidade dos datos do padrón, depuralos e vincular esa información cunha base de datos xeorreferenciada de fogares e vivendas. Un paso estratéxico cara ao futuro Padrón Online que está desenvolvendo o INE a nivel estatal”, argumentou. “Desde 2019, levamos conseguido máis de 18 millóns de euros en fondos europeos, e con eles estamos a transformar servizos e estruturas nos concellos da provincia”, recordou o presidente.

## Adxudicado por medio millón o programa E para Dixitalizarse, Lugo

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou por case medio millón de euros adxudicar o contrato do programa E para Dixitalizarse, Lugo. Así o informou tras a reunión a Voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, quen destacou que esta iniciativa “ten como obxectivo achegar as novas tecnoloxías á veciñanza, reducir a fenda dixital e fomentar a inclusión no territorio”. O proxecto está financiado con fondos europeos captados pola Deputación ao abeiro do Reto Rural Dixital, dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia da Unión Europea, e desenvolverase ata o 20 de marzo de 2026, aínda que o 60% das accións deberán executarse antes do 31 de decem-

bro de 2025. Pilar García Porto explicou que “se trata dunha proposta pioneira coa que a institución provincial levará formación en competencias dixitais á veciñanza dos 55 concellos da provincia con menos de 5.000 habitantes”, quedando fóra só os municipios máis poboados: Lugo, Monforte de Lemos, Viveiro, Vilalba, Sarria, Foz, Ribadeo, Burela, Chantada, Guitiriz, Outeiro de Rei e Castro de Rei. A programación, que será deseñada xunto coa empresa adxudicataria, incluírá 500 accións formativas centradas nas tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), e estará adaptada a diferentes perfís e idades. A formación abranguerá desde o uso de aplicacións móbiles

ou a banca electrónica para persoas maiores, ata contidos de informática básica, redes sociais ou ciberseguridade para a mocidade, persoas desempregadas ou emprendedoras. Tamén se ofrecerán obradoiros dirixidos a familias sobre os riscos de internet ou o uso responsable dos dispositivos. “A posta en marcha deste proxecto demostra, unha vez máis, a capacidade do Goberno da Deputación para captar fondos europeos, que xa superan os 18 millóns de euros desde o ano 2019”, sinalou García Porto. Un investimento que “permitiu desenvolver proxectos clave contra o despoboamento no rural e a favor da modernización dos concellos, como os programas Xeopadrón ou Impulsa TIC”, engadiu.



## Rematan con éxito as rutas do Románico

Unhas 300 persoas disfrutaron estes días da quinta edición do Coñece o románico da provincia de Lugo, un programa de rutas gratuítas que organizou a Deputación pola provincia. Neste quinto ano, a institución provincial programou un total de 16 itinerarios ao seu paso por unha vintena de concellos co obxectivo de poñer en valor e difundir o patrimonio do territorio lucense. “Todas as rutas completaron as prazas, polo que esta nova edición foi un éxito un ano máis”, sinalou a Deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto. Explicou a responsable provincial que este programa enmárcase na estratexia turística da Deputación de Lugo, que aposta por un modelo de turismo de proximidade, sostible,

de calidade, e desestacionalizado. Unha iniciativa que se desenvolve en pequenos grupos, sen masificacións, e que deixa valor real no territorio en termos económicos e de emprego. As visitas comezaron o último venres de maio co itinerario guiado en Lugo, pola Catedral de Santa María e a Cidade Medieval. Esa fin de semana tamén houbo rutas polo Saviñao, Portomarín e Paradela, Taboada e o rural da capital lucense; Monforte de Lemos, Foz e Viveiro. Este sábado pasado, 7 de xuño, foron protagonistas os percorridos polo románico de Pantón, Antas de Ulla, Ribas de Sil, Quiroga, Palas de Rei e Monterroso. A edición finalizou onte, domingo, con itinerarios por Sarria, Chantada, Meira e Sober.

## Comezan os traballos de desbroce en 4.200 quilómetros de vías

A Deputación de Lugo comezou este luns, 2 de xuño, os traballos de desbroce nos máis de 4.200 quilómetros de estradas provinciais. A institución provincial destina este ano en torno a 1,5 millóns de euros a estas tarefas que arrancan de forma simultánea nas 24 zonas nas que está dividido o contrato da súa rede viaria para levalo a cabo dun xeito máis eficiente. As rozas terán un prazo de execución dun máximo de mes e medio, polo que está previsto que a mediados de xullo estean rozadas as estradas provinciais nos 67 concellos. Unhas tarefas coas que a Deputación mellorará a seguridade viaria e a comodidade dos condutores, ademais de favorecer a prevención de incendios durante o verán. As 24 zonas nas que está dividida a rede provincial para desenvolver os desbroces son as seguintes: A mellora da mobilidade centra outro dos grandes piares dos Orzamentos este ano 2025, e por iso o Goberno provincial destina ás estradas máis do 21 % do total. A Deputación incrementou, ata os 27,31 millóns de euros as partidas de obra nova, conservación, desbroce e actuacións do Parque Móbil, o que representa unha suba destes apartados en máis dun 42 % respecto ao 2024, cando a institución destinou 19,4 millóns de euros. O dobre do investimento que no 2019, cando as partidas para estradas sumaban algo máis de 14 millóns.



## COMARCA

## A RAG dedicaralle o Día das Letras Galegas 2026 a Begoña Caamaño

A Real Academia Galega dedicarálle o Día das Letras Galegas 2026 a Begoña Caamaño (Vigo, 14 de outubro de 1964 – Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2014). Así o decidiu a institución no pleno ordinario celebrado no pazo municipal de María Pita (A Coruña), unha sesión na que tamén se valoraron as candidaturas de Antón Tovar, Miguel González Garcés e Enrique Labarta Pose. A RAG celebrará a narradora, autora serodia de dúas novelas nas que reescribiu os mitos da Odisea e o artúrico, e mais a xornalista, nun momento en que urxe reconstruír o espazo dun xornalismo para a cidadanía, comprometido coa verdade e co uso do galego. Coa lembranza de Begoña Caamaño, as Letras 2026 serán unha festa asomada á contemporaneidade, á pulsión do presente e á ollada feminista que vertebrou o seu pensamento, o seu traballo intelectual e a súa biografía.

A proposta de Begoña Caamaño foi presentada polas académicas Ana Romani, Marilar Aleixandre, María López Sández, Margarita Ledo Andión, Chus Pato e Francisco Fernández Rei. De acordo cos estatutos da RAG, discutiuse canda as outras tres formalizadas na primeira xuntanza ordinaria do pleno da institución tras a sesión extraordinaria do Día das Letras Galegas do ano en curso, que ten as cantareiras e a poesía popular oral como protagonistas. A que se homenaxeará no 2026 será de novo unha voz feminina, desta volta a dunha autora en singular pero que escolleu proxectarse no colectivo da palabra literaria e da voz xornalística.

“Literatura e xornalismo son na autora instrumentos para o coñecemento, outra forma de reflexión e acción, desde o rigor do saber, o estimulante exercicio da razón



e a complicidade da maxia e dos sonhos”, reza o texto da candidatura aprobada. “A figura de Begoña Caamaño dialoga hoxe cunha parte moi activa da profesión xornalística e literaria, traslada outra experiencia de ambas as dúas. Cómplice dese tecido de voces que é a literatura, coma colchas tecidas con retallos, voz coral na que se recoñece, entrégase á narrativa sen desoír a interrogación da xornalista e a esixencia da lectora”, prosegue. A de Caamaño é así unha obra para a ética, para o movemento, para o pensamento crítico, para un país e un idioma que cultivou con precisión e esmero, conclúen as propoñentes, que subliñan a imposibilidade de delimitar seccións na súa traxectoria. “A constante implicación con causas sociais, culturais e políticas perfilan unha biografía movida por unha magnética paixón vital de lúcida intelixencia e xenerosa determinación. Atenta lectora da realidade social, audaz nas súas formulacións, vibrante no debate, Begoña Caamaño, viaxeira curiosa á procura do encontro co outro, do recoñecemento da diferenza, implícase na defensa dos dereitos humanos, o pacifismo,

a solidariedade, a dignidade, a liberdade, con sólidas conviccións mobilízase na crítica da inxustiza social, as opresións, o poder o os seus abusos, as desigualdades e os privilexios”, abundan.

**NARRADORA E XORNALISTA.** Begoña Caamaño debutou na madurez como narradora, aos 45 anos de idade, con Circe ou o pracer do azul (2009). A este título seguiu Morgana en Esmelle (2012), cuxa publicación cadrou co diagnóstico do cancro que acabou dous anos despois coa súa vida, cando acababa de facer os 50 anos. A súa segunda e derradeira novela foi recoñecida co Premio Ánxel Casal ao mellor libro de ficción 2012 da Asociación Galega de Editores, o Premio da AELG á mellor obra de narrativa 2012, o Premio da Crítica de narrativa galega da Asociación Española de Críticos Literarios 2012 e o Premio Losada Diéguez de creación literaria 2013. No arquivo da autora consérvase documentación para os proxectos literarios que tiña en mente no momento do seu pasamento, entre eles unha novela arredor da figura de Sherezade e mais a recreación da vida da súa bisavoa.

## Acruga rexistra un aumento das explotacións



A Asociación de Criadores de Raza Rubia Galega acaba de pechar o seu balance anual do ano 2024, con importantes datos que demostran o avance nalgúns aspectos destacados para a mellora da raza como o aumento de explotacións, en case 180 máis en Galicia; a subida dos animais no rexistro definitivo, e o aumento do prezo medio das xatas poxadas nas poxas que realiza a asociación ao longo do ano, con prezos de récord. Con respecto a 2023 creceron nun centenar o número de reprodutores e na mesma cifra tamén se incrementaron o número de nacementos. En canto ao número de explotacións, no 2023 contabilizábanse 1.382 ganderías, unha cifra que ao peche do ano pasado elevábase ata as 1.560. Tamén se incrementaron o número de animais de raza Rubia Galega que están inscritos no rexistro definitivo, pasando dos 11.692 aos 11.810 actuais. A cifra de exemplares neste rexistro definitivo subiu mentres que se reduciu a do auxiliar, algo esencial para a raza, posto que os animais do rexistro definitivo son aqueles en os que a súa procedencia e carta xenealóxica está comprobada e certifica, polo que é a algo ao que se aspira desde todas as razas que buscan a pureza e a maior das garantías para gandeiros e compradores.

Outra das cifras que experimentou

un lixeiro ascenso é o número de reprodutores, que pasou de 21.388 a 21.483 ao peche do pasado ano. O mesmo ocorreu cos nacementos, que en 2024 contabilizáronse 8.761 polos 8.659 do ano anterior. Actualmente, o número de animais de Raza Rubia Galega sitúase en case 29.000 exemplares.

Aínda que Galicia segue concentrando o maior número de explotacións de Raza Rubia Galega, cun total de 1.530, están a asentarse e crecendo lixeiramente as ganderías con esta raza noutros puntos de España, como en Castela-León (15); Madrid (5); Andalucía (4); Extremadura (4); Cantabria (2) e País Vasco (1), comunidades autónomas nas que hai un total de explotacións de Rubia Galega.

Outro dos datos que se puxo de manifesto no balance anual de Acruga foi o incremento do prezo dos exemplares presentados ás distintas poxas que a Asociación de Criadores de Raza Rubia Galega organiza en diferentes puntos de Galicia, na súa maioría na provincia lucense. Segundo os datos do pasado ano, nas 13 poxas de, principalmente, xatas preñadas, procedentes do centro de recría da granxa Gayoso Castro, adxudicáronse 104 exemplares dos 105 presentados, cun prezo medio que roldou os 2.600 euros.

1000€  
EN 60 MINUTOS

DO 1 AO 31 DE XULLO

Merca no comercio da  
Asociación de Comerciantes de Sarria e  
gaña 1.000 euros para gastar en 60 MINUTOS!

60 x 1000!  
SARRIA

"O mellor concurso do ano!"  
★★★★★

aces ccu

12ª Edición

Generación participantes

QR code

Instagram: @acesarria



## Volven a ludoteca e os cursos de natación



O Concello de Triacastela promove a ludoteca de verán, dirixida a nenos e nenas de entre 3 e 16 anos, que se desenvolverá nos meses de xullo e agosto en horario de 9:30 a 14:00 horas. Ademais, ofrece cursos de natación que se celebrarán na piscina de Sarria durante os meses de xullo e agosto. A saída dende Triacastela está prevista para as 11:15 horas e

as sesións terán unha duración de media hora. O custo dos cursos varía segundo a duración e o número de participantes dunha mesma unidade familiar: o mes completo custa 26,61 euros por neno e 17,94 euros para o segundo e seguintes; a quincena custa 13,34 euros por neno e 8,89 euros para os seguintes. Están dispoñibles tamén 20 prazas para esta actividade.

## Organizan unha ruta guiada para redescubrir San Mamede

Coincidindo coas festas patronais de San Mamede, o vindeiro 17 de agosto celebrarase en Triacastela un paseo guiado por unha ruta circular que une a Casa do Concello coa capela do santo. A iniciativa, de carácter gratuíto e pensada para todos os públicos, será conducida polo guía turístico Guido Guía e permitirá redescubrir a contorna natural e etnográfica deste concello da montaña lucense. A actividade comezará ás 11:00

horas, momento no que os participantes se reunirán diante da Casa do Concello. Está previsto que o percorrido se prolongue durante unhas tres horas, nas que os asistentes poderán coñecer distintos elementos patrimoniais típicos da zona, como as antigas alvarizas, unhas construcións de pedra que se utilizaban para protexer as colmeas tanto das inclemencias meteorolóxicas como dos ataques de animais salvaxes.

## A Cova Eirós revela que as Serras Orientais foron un refuxio climático

Un novo estudo realizado no xacemento de Cova Eirós de Cancelo, en Triacastela, centra o seu foco na fauna e na información paleoclimática e paleoambiental que pode achegar. O artigo *Landscape and subsistence in NW Iberia during the Middle Palaeolithic (MIS 3): Faunal analysis of Cova Eirós*, publicado na revista internacional *Journal of Archaeological Science: Reports* ofrece unha nova perspectiva sobre o territorio no que viviron os derradeiros neandertais de Galicia, amosando a existencia dun medio considerablemente máis frío pero cun réxime de precipitacións similar ao actual. A investigación está liderada por Hugo Bal García, do Grupo de Estudos para a Prehistoria do Noroeste – Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio (GEPN-AAT) da Universidade de Santiago de Compostela e do Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC), e por Iván Rey Rodríguez, do Centro de Investigación Mariña da Universidade de Vigo. Traballan tamén nela o investigador principal do proxecto, Ramón Fábregas Valcarce (USC, CISPAC), Arturo de Lombera Hermida (UNIOVI, CISPAC), Mikel Díaz Rodríguez (UVIGO, CISPAC), Carlos Fernández Rodríguez (ULE) e Xosé Pedro Rodríguez Álvarez (URV, IPHES-CERCA). O traballo ofrece a análise de máis de 1.000 restos fáunicos recuperados no Nivel 3 do xacemento, o cal presenta unha antigüidade de arredor dos 41.000 anos.



Nesta época, os neandertais aínda ocupaban as Serras Orientais de Galicia, explotando unha ampla variedade de recursos entre os que o cervo era a súa principal presa, pero non a única, pois mesmo se detectou a explotación intencional de osos das cavernas. Este estudo serviu para comprobar que estes grupos neandertais tiñan unha gran mobilidade polo territorio, do que facían un uso extensivo e se aproveitaban do feito de que a cova se atope nun ecotono (a fronteira entre distintos ecosistemas), o que proporcionaba acceso a un maior número de recursos. Ademais de abordar as estratexias de subsistencia neandertais, o principal feito a destacar deste artigo é que ofrece unha reconstrución aproximada das condicións climáticas ás que se enfrontaron estes cazadores-recolectores. A partir da información ecolóxica que achegan as máis de 30 especies identificadas na cova, varias delas extintas a día de hoxe, coma o mamut laúdo, os investigadores

puideron deducir unha temperatura media anual sensiblemente inferior á actual, cun descenso medio de -3 °C; mentres que as precipitacións se mantiveron bastante elevadas, cunha diferenza de tan so 150 mm anuais menos que na actualidade. Isto permitiu que se mantivera unha comunidade vexetal relativamente importante, cun medio dominado por bosques de baixa densidade intercalados con pradarías húmidas nun momento no que na maior parte da Península Ibérica dominaban o frío e a aridez, o que converte as Serras Orientais de Galicia nun auténtico refuxio climático que permitiu a supervivencia dos grupos neandertais ata momentos máis recentes que noutras zonas do norte peninsular. A investigación enmárcase nos proxectos de investigación desenvolvidos no xacemento con financiamento do Ministerio de Ciencia do Goberno de España e a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

**AGENDA CULTURAL DE GALICIA**

Conciertos  
Ferias • Festivales  
Fiestas • Infantil  
Humor • Gastronomía  
Teatro • Cine...

**OCIO EN GALICIA**  
¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!  
[www.ocioengalicia.com](http://www.ocioengalicia.com)



## O PSdeG-PSOE de Láncara renova a súa executiva municipal

O PSdeG-PSOE de Láncara celebrou a asemblea de renovación da súa comisión executiva local, un encontro no que a militancia respaldou por unanimidade a nova dirección do partido no municipio. O novo equipo, que mestura traxectorias consolidadas e perfís máis novos, nace co obxectivo de consolidar a acción política e reforzar a presenza socialista en Láncara. A reunión contou coa participación de militantes da agrupación, así como coa presenza do alcalde Darío Piñeiro e do tenente de alcalde e deputado provincial, Pablo Rivera. Ambos destacaron a importancia da cohesión interna e do papel do partido no impulso das políticas públicas no ámbito local. Á fronte da nova executiva estará Alba Sangil, actual concelleira de Desenvolvemento Local, Cultura, Deporte, Medio Ambiente, Participación Veciñal e Novas Tecnoloxías, quen asumirá a Secretaría Xeral. Acompañarana Juan José Díaz Gómez, concelleiro de Réxime Interior e Facenda Local, que continuará



como secretario de Organización achegando a súa ampla experiencia institucional, e José Manuel García Aldegunde, concelleiro de Medio Rural, Servizos Públicos Básicos e Mobilidade, que asumirá a Secretaría de Política Municipal. A nova dirección marcará unha folla de ruta centrada en intensificar a actividade política desde o goberno municipal e fortalecer o contacto coa cidadanía. O alcalde Darío Piñeiro puxo en valor “o importante papel que o partido desempeña no im-

pulso de políticas transformadoras e no desenvolvemento do municipio”, sinalando que a nova executiva representa “ilusión, compromiso e responsabilidade”. A agrupación socialista de Láncara continúa tamén a súa expansión, prevendo a incorporación de cinco novas persoas militantes nas próximas semanas, o que permitirá acadar arredor de 30 membros, unha cifra que consideran histórica e que reflicte a confianza que a veciñanza deposita no proxecto socialista.

## O Clube de Pesca Río Neira organiza o I Máster de Pesca a Mosca por parellas

Láncara converterase nun punto de referencia para os afeccionados á pesca deportiva coa celebración do I Máster de Pesca a Mosca por Parellas Río Neira, que terá lugar os días 6 e 7 de setembro de 2025. O evento, organizado polo Clube de Pesca Río Neira de Láncara, repartirá máis de 1000 euros en pre-

mios entre as parellas participantes, que competirán nas augas do emblemático río Neira. A iniciativa conta co apoio de numerosos patrocinadores e colaboradores da zona, entre os que destacan empresas do sector da pesca, a restauración, a industria alimentaria e o comercio local, o

que pon de manifesto a implicación do tecido económico e social da comarca na promoción desta disciplina. A inscrición permanece pode formalizarse a través dos números de contacto de Ali (606 318 225) e Javier (661 464 557), responsables da organización.

## O municipio ofrece tres programas de verán con diversas actividades



O Concello de Láncara lanza unha nova edición dos seus programas de verán co obxectivo de facilitar a conciliación da vida familiar e laboral e ofrecer alternativas de lecer e formación para a mocidade durante os meses estivais. A proposta inclúe tres iniciativas adaptadas a diferentes franxas de idade, que combinan xogos, deporte e actividades ao aire libre. O primeiro dos programas, Diver Mañás, está dirixido a nenos e nenas de entre 4 e 10 anos e ofrece actividades lúdicas semanais ata o 5 de setembro cun custo de 12 euros por semana. O campamento desenvolverase ata o 5 de setembro, en horario de 10:00 a 14:00 horas, nos espazos municipais do concello, contando coa presenza de tres monitores que guiarán as actividades. As prazas estarán limitadas a un máximo de 30 participantes e a programación inclúe obradoiros creativos, xogos dirixidos, tempo libre, xogos de mesa e xogos tra-

dicionais, ofrecendo un espazo seguro e entretido para os máis pequenos durante o verán. A segunda proposta é o Mundialito Fútbol Sala Láncara 25, pensado para rapaces e rapazas de 8 a 17 anos. Desenvolverase do 1 ao 24 de xullo e incluírá un torneo e sesións de adestramento. Por último, o Verán Campus Xuvvenil 2025, destinado a mozos e mozas de 11 a 17 anos, ofrecerá actividades deportivas, ambientais, rutas e xogos entre o 28 de xullo e o 29 de agosto, cun custo de 6 euros por semana. As inscricións estarán abertas do 2 ao 21 de xullo na Biblioteca Municipal e a través da sede electrónica. Unha vez pechados os prazos de inscrición, os listados de persoas admitidas publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello, na Biblioteca Municipal e na sede electrónica. No caso de que queden prazos dispoñibles, abriranse novos prazos para completar os grupos.



# INVISTE EN PARADELA

FAI REALIDADE O TEU PROXECTO: VIVEIRO DE EMPRESAS E POLÍGONO INDUSTRIAL.

200

ANOS





o páramo

# Volven as viaxes á praia ofertadas polo Goberno local



O Concello do Páramo xa ten todo preparado para ofrecer un verán diferente e refrescante á súa veciñanza. A través dun programa especial de viaxes á praia, a administración local promoverá saídas en autobús cada mércores dos meses de xullo e agosto, con destinos como Foz, Miño, Tapia de Casariego ou Pontedeume.

A primeira das oito excursións programadas foi o 2 de xullo con destino a Foz, e o calendario esténdese ata o 27 de agosto, cunha nova visita a esta mesma localidade costeira para pechar o ciclo. A saída será sempre ás 9:00 horas desde o Campo da Feira do Páramo, xunto á Casa Amelia, e está aberta tanto a persoas empadroadas como non empadroadas, con tarifas que varían en función da idade e da residencia.

O prezo das viaxes para empadroados vai desde a gratuidade para nenos de ata 3 anos, ata os 7 euros para maiores de

10 anos. No caso das persoas non empadroadas, as tarifas sitúanse entre os 7 e os 12 euros. A inscrición deberá formalizarse como moi tarde o día anterior a cada saída antes das 13:00 horas.

A ruta contempla praias de interese tanto en Galicia como en Asturias, como Covas (Viveiro), Torno (San Cibrao), Ares (Ferrol), San Miguel de Reinante ou Tapia de Casariego. Como medida organizativa, non se reservará praza sen pago previo, e o autobús só circulará se se acada un mínimo de 20 persoas inscritas. Ademais, non se admitirán reservas fóra das datas e procedementos establecidos.

A iniciativa, cofinanciada polo Concello, busca ofrecer unha alternativa de lecer accesible e compartida para todos os públicos, especialmente para aquelas persoas que non dispoñen de medios propios para se desprazar á costa.

# O Concello de Paradela organiza viaxes á praia en xullo e agosto

O Concello de Paradela vén de anunciar a programación das tradicionais Viaxes á Praia Verán 2025, unha iniciativa destinada a promover o ocio e o desfrute do tempo libre entre a veciñanza durante os meses de xullo e agosto. As saídas realizaranse todos os xoves, con destino a diferentes praias da contorna.

No mes de xullo, os lugares elixidos son: Foz (día 3), Riveira (día 10), Ares (día 17), Cedeira (día 24) e Miño (día 31). En agosto, os destinos serán: San Ciprián (día 7), Boiro (día 14), Viveiro (día 21) e Pontedeume (día 28). A hora de saída será ás 8:30 da mañá diante do Centro Polifuncional Xesús Mato. O prezo varía segundo a situación do participante: as persoas empadroadas en Paradela pagarán 7 euros se teñen máis de 14 anos, mentres que os menores viaxan de



balde. No caso de non empadroados, o custo será de 12 euros para maiores de 14 anos e 6 euros para menores.

A comida corre por conta dos participantes, e a actividade está cofinanciada polo propio Concello. As persoas interesadas deberán inscribirse

entre o luns e o mércores anterior a cada viaxe. Para inscribirse, pódese chamar ao 982 541 101.

A asignación de asentos farase por orde de inscrición. Os menores de 18 anos que viaxen sós deberán traer autorización asinada polo seu responsable legal.

# Paradela lanza o seu Campamento de Verán con xogos, piscina e excursións

Un ano máis, o Goberno local organiza o Campamento de Verán, pensado para nenos e nenas de entre 3 e 12 anos. A iniciativa será do 1 de xullo ao 29 de agosto, ambos días incluídos, no Polideportivo do Collexio. O horario será de 9:00 a 14:00 horas, ofrecendo así unha alternativa lúdica e educativa para os máis pequenos durante as vacacións escolares. As actividades previstas inclúen xogos, deporte, piscina, visitas á contorna e moita diversión. O campamento está dirixido tanto



a nenos e nenas empadroados en Paradela como a aqueles con algún tipo de vinculación co municipio.

O programa permite escoller entre estadias por semanas, quincenas ou meses completos.

**Supermercados PARADELA**

**Su supermercado de confianza**

**Servicio de carnicería**

Calle Cabaleiros de Santiago, 77 Bajo  
27611 PARADELA / Telf.: 982 541 532

**ATENCIÓN FAMILIAR**

SOMOS ESPECIALISTAS EN CARNE FRESCA. CO CORTE AO GUSTO DO CLIENTE

DESCUBRE O NOSO EMBUTIDO DE A FONSAGRADA

**HORARIOS DE LUNS A SÁBADO**  
Horario continuo de 9:00 a 21:00 h.

**DOMINGOS E FESTIVOS**  
De 10:30 a 14:00 h.

RÚA DIEGO PAZOS 47, SARRIA  
[www.facendafarruquino.gal](http://www.facendafarruquino.gal)

# Xa está dispoñible a piscina municipal

O Concello de Paradela anunciou a apertura da súa piscina municipal, que xa está dispoñible para o uso de toda a veciñanza e visitantes do municipio. As instalacións permanecerán abertas en horario continuo de 12.00 a 20.00 horas ata o vindeiro 31 de agosto.

Esta iniciativa pretende ofrecer un espazo de lecer e refrixerio durante os meses de verán, facilitando un lugar de encontro e descanso para todas as idades. Desde o Concello animan a todos a aproveitar este servizo gratuito que contribúe á dinamización social e ao benestar da comunidade local.



# “Se non xeramos actividades, o rural de Galicia morre”

**David Rivera, da Asociación de Veciños de Vilaragunte, pon en valor a acción cultural e social que xeran os colectivos nas parroquias**

**Jessica Fernández**

No ano 2018 unha conversa entre catro amigos deu pé á creación da Asociación de Veciños de Vilaragunte, no Concello de Paradela. David Rivera López, o seu presidente, lembra perfectamente como xurdiu todo: “Xuntámonos catro amigos e dixemos: Por que non creamos unha asociación veciñal para promover a actividade cultural e a festa?”. Aquela semente non tardou en dar froito.

A primeira iniciativa chegou coa celebración da Festa da Xuventude, que se segue organizando, e desde entón a asociación non deixou de medrar. Con iniciativas que abranguen desde o Entroido ata o Nadal, pasando por galas benéficas e outras celebracións, a entidade conseguiu consolidar unha programación anual que reúne aos veciños da parroquia e tamén a moita xente doutras zonas.

A pandemia da covid obrigou a facer un parón, pero tamén serviu para transformar a antiga escola nun centro social con todas as condicións: “Convertemos a antiga escola nun local social amplo e que conta con servizos. Puidemos facelos grazas ás institucións, sobre todo ao Concello de Paradela e á Xunta de Galicia”, explica Rivera. Ese local, inaugurado no 2021, converteuse no corazón da vida comunitaria. Alí organizan a festa de Entroido en febreiro, a gala benéfica contra o cancro celebrada 2022 e a xa tradicional festa da xuventude en abril, así como o Nadal en decembro.

“O importante é xuntar aos veciños”, afirma o presidente,

quen destaca que actualmente a asociación conta con máis de noventa socios e unha directiva formada por cinco persoas. Un dos obxectivos fundamentais da entidade é precisamente ese: recuperar o espírito comunitario. “Perseguiamos que a xente que veña, caracterizada desde os 6 ata os 80 anos, e que participe. Parece unha tontería, pero á xente lle gusta porque sacas á xente da casa para que se relacione un pouco máis. Así,



ves que participan e colaboran”, conta Rivera, que insiste na importancia de recuperar as relacións de antes: “Facemos por xuntar aos veciños e poder botar un conto e falar como se facía antes, porque antes non había televisión e falabamos cos veciños, e agora non falamos entre nós”.

A asociación ten raíces na pa-

roquia, pero tamén se ramifica. Entre os socios hai persoas doutras parroquias e incluso veciños de Sarria ou Lugo que, aínda vivindo fóra, participan activamente nas festas e actividades.

A colaboración é constante tamén coa comisión de festas, que organiza o magosto en outubro e as festas patronais. Incluso membros da asociación forman parte tamén desa comisión, e entre todos manteñen activo

un grupo veciñal para difundir información útil e relevante. Suso, tamén da asociación, destaca que “aportamos diñeiro e tempo persoal para que poidamos seguir xuntándonos os veciños, porque é necesario”.

**A IMPORTANCIA DA ASOCIACIÓN.** Preguntado sobre a importancia da asociación para



Paradela, Rivera é claro: “Non é que sexa importante para Paradela, é para toda Galicia, xa que é unha terra que se está quedando sen poboación no rural. E, se non xeramos eventos, isto morre”. A súa reflexión vai máis alá da simple festa. “Temos que facer que isto perdure, o despoamento é palpable. Cando eu era pequeno había 300 nenos no colexio, agora hai 50. Pénsase que só facemos festas, pero xuntamos á xente e compartimos, e iso é interesante para o pobo e para toda Galicia. Todas as asociacións parroquiais poñen en valor o que ten cada un”. Na parroquia, a actividade tamén se ve influída pola presenza de parques eólicos como Paradavento, participado polo Concello de Paradela. Porén, as necesidades do rural seguen sendo urxentes: “Fan falta máis axudas ao rural en xeral: en festas, aos comuneiros, en camiños, pistas forestais, pistas rurais. Hai que poñer máis en valor a zona rural con máis servizos. Se queres que a xente vaia ao rural, non podes depender de facer 40 km para acceder a un servizo en xeral”, reclama. Neste sentido, recoñece que Vilaragunte ten sorte: “Estamos a dous quilómetros da capitalida-

de de Paradela e o Concello axudounos moito, pero tamén nos axuda a Deputación de Lugo e a Xunta, por iso podemos levar a cabo as actividades que temos e puidemos reformar a antiga escola neste gran local social”. En canto ao futuro, a asociación ten plans ambiciosos. “Gustaríanos facer algunha cousa máis, pero estamos pendentes de obter axudas, xa que fixemos unha inversión moi grande para facer o centro social e pedimos axudas para dispoñer de mesas e cadeiras, para un equipo de música, unha televisión...”, explica. Por iso, insisten: “Fan falta recursos, como material, mobiliario, pero tamén apoio para que as ideas poidan converterse en realidade. Con ese material agardan poñer en marcha novas actividades: “Gustaríanos facer un curso de cociña cando teñamos mesas e cadeiras, queremos comer comida saudable, por iso os cursos. A nivel informática tamén nos gustaría, porque hai que moverse nese sentido”.

En definitiva, a previsión é clara: manter as actividades fixas como o Nadal, e continuar traballando para que Vilaragunte siga sendo un lugar de encontro, convivencia e cultura.

**STIHL**

**MÁXIMA CARGA ESTA PRIMAVERA**  
PARA LOS MÁS EXIGENTES

**GRATIS BATERÍA ADICIONAL**  
EN MODELOS SELECTORNADES

**489€**

**Ferretería Sarria**

Pedro Saco 33, Sarria.  
Telf. 982 532 202

**CREADOS**

- PSICOPEDAGOGÍA
- EVALUACIONES PSICOPEDAGÓGICAS
- LOGOPEDIA Y LENGUAJE
- PSICOLOGÍA Y PSICOTERAPIA
- ATENCIÓN TEMPRANA (0-6 AÑOS)
- ESTIMULACIÓN PRECOZ (2-3 AÑOS)
- REFUERZO EDUCATIVO ESPECIALIZADO
- ESTRATEGIAS Y TÉCNICAS DE ESTUDIO

**INFANTIL PRIMARIA ESO**

¡Informate sin compromiso!

Calvo Sotelo, 183 Bajo  
27600 Sarria (LUGO)  
626 21 86 28



# O BNG reclama máis investimento para servizos públicos



O BNG defendeu en Samos a necesidade de garantir servizos públicos de calidade no rural como única vía para frear o despoboamento e facilitar a vida das familias.

As deputadas do BNG no Parlamento galego, Olalla Rodil e Ariadna Fernández, mantiveron un encontro coa alcaldesa de Samos, María Jesús López, e con representantes da comunidade educativa local, aos que trasladaron o compromiso do Bloque para trasladar ao Parlamento galego iniciativas que melloren a oferta educativa e de conciliación na comarca de Sarria.

Desde o BNG denuncian que a Xunta de Galicia asfixia economicamente aos concellos, obrigándoos a asumir competencias impropias como o Servizo de Axuda no Fogar (SAF), o que dificulta cada vez máis poder exercer as súas funcións propias con garantías.

A rexedora de Samos puxo sobre a mesa o "enorme esforzo económico" que o Concello debe asumir para manter servizos fundamentais

para a conciliación, como o programa de madrugadores no CEIP de Samos, desenvolvido en colaboración coa ANPA. A alcaldesa advertiu das dificultades para sostelo polas mudanzas introducidas no Plan Corresponsables. Ademais, a comunidade educativa alertou da falta de profesorado especializado, especialmente no ámbito da atención ao alumnado con necesidades educativas especiais.

Actualmente, o CEIP de Samos comparte unha mestra de Audición e Linguaxe co Concello de Triacastela, e conta cunha única orientadora para cubrir centros de Samos, Triacastela e dous centros máis en Sarria.

O BNG esixe que, de cara ao curso 2025-2026, a Xunta dote o CEIP de Samos do persoal necesario para garantir unha atención educativa de calidade, así como un servizo de orientación digno que poida atender axeitadamente o alumnado con necesidades específicas.

# Samos acollerá un ano máis a Feira de Produtos e Artesanía

A localidade de Samos está a ultimar os preparativos para celebrar unha nova edición da súa Feira de Produtos e Artesanía, que terá lugar o próximo sábado 10 de agosto.

Esta iniciativa, promovida pola Asociación de Comerciantes e Artesáns de Samos, converterá de novo o municipio nun punto de encontro onde se exhibirán creacións locais, tradicións e produtos autóctonos, nunha xornada que mestura o valor cultural coa promoción económica da zona.

O encargado de inaugurar o evento será Antonio Rigueiro Rodríguez, catedrático emérito da Universidade de Santiago de Compostela e actual presidente da Asociación Forestal de Galicia. A súa elección responde tanto á súa dilatada carreira no ámbito da investigación ambiental como ao seu forte vínculo persoal coa contorna, dado que Rigueiro é natural do municipio



veciño de O Incio e mantén lazos familiares directos con Samos. Desde a entidade organizadora destacan que a súa figura simboliza "o compromiso coa sustentabilidade, o coñecemento do medio rural e o apego pola nosa contorna".

A feira incluírá postos de venda, actividades culturais e animación pensada para todas as idades.

Na edición do 2024, esta feira contou cun apoio económico de 4.000 euros a través do Plan Deputación 2024, e durante a xornada participaron arredor de 30 expositores. O evento tamén incluíu a lectura do pregón a cargo da médica de familia e presidenta da Asociación Cultural Pelerifios de Sarria, Milagros Núñez, ademais do tradicional xantar colectivo.

# Xabier Díaz e Adufeiras de Salitre darán un concerto o día 13

A música tradicional galega terá un dos seus epicentros este verán en Samos, que acollerá o vindeiro 13 de xullo un concerto de Xabier Díaz e Adufeiras de Salitre.

A actuación, que terá lugar no Campo da Festa ás 19.00 horas, forma parte do ciclo 'Polavilas no paraíso', unha iniciativa da Vicepresidencia da Deputación de Lugo que levará tamén esta proposta musical a Castrovirde e Barreiros.

O público poderá gozar dun repertorio que percorre os catro discos publicados por Díaz desde 2015 —The Tambourine Man, Noró, As Catedrais silenciadas e Axúdame a sentir (2024)— cunha posta en es-



cena centrada na pandeireta e coa forza interpretativa das Adufeiras de Salitre, reivindicando a tradición galega desde unha perspectiva con-

temporánea e chea de vitalidade. O ciclo foi presentado nun acto no que participaron, entre outras autoridades, a alcaldesa de Samos, Chus López, e a deputada de Cultura, Iria Castro, que subliñaron o papel clave que están a xogar propostas como esta para achegar a música en galego a todo o territorio, especialmente aos concellos máis pequenos.

Pola súa parte, o deputado Daniel García destacou que Xabier Díaz "é un dos grandes impulsores deste dinamismo creativo arredor da música tradicional, facendo que a sociedade no seu conxunto mire a tradición cunha ollada nova e orgullosa, algo que celebramos especialmente neste 2025 coas Letras Galegas dedicadas ás cantareiras".

CLASES IMPARTIDAS POR UN:  
Multimedallista nacional  
Bicampeón de España absoluto  
Bronce Europeo 2019  
Campeón de Europa por equipos en 2021  
Mundialista en 3 ocasiónes, 2018, 2022 y 2023

Escuela de  
**TAEKWONDO**  
SARRIA

MEJORA DE CONDICIÓN FÍSICA  
AMISTAD TRABAJO EN EQUIPO DISCIPLINA  
CONFIANZA AMBICIÓN HUMILDAD RESPETO

@AC\_TAEKWONDO AC TAEKWONDO 664 765 985

Peluquería  
**Isolina**

Tu peluquería de confianza desde 1987

Avda de Castilla, 19 - Triacastela 617 403 579



## A ANPA do CEIP de Samos volve organizar o Campamento

A ANPA do CEIP de Samos volve organizar este ano o seu Campamento de Verán, unha proposta educativa e lúdica dirixida á cativada durante os meses de xullo e agosto.

A actividade desenvolverase en horario de 9:00 a 15:00 horas nas instalacións do colexio, con programacións que inclúen actividades deportivas, xogos de normas e convivencia, música e dinámicas lúdicas, talleres creativos, manualidades e experiencias de contacto coa natureza e co contorno.

A resposta das familias foi tan positiva que as prazas xa están case esgotadas. Neste momento, só quedan catro prazas dispoñibles para a última quincena de agosto. A adxudica-



ción das prazas seguiu unha orde de prioridade clara: primeiro accedeu o alumnado do propio colexio, logo os nenos e nenas do Concello de Samos que xa participaron noutras edicións, despois os que se inscriben

por primeira vez, e por último, nenos doutros concellos que tamén participaron noutras edicións.

O Campamento conta coa colaboración do Concello, da Xunta de Galicia e do Ministerio de Igualdade.

## As tradicionais festas de San Bieito serán o 12 e 13



O Concello de Samos prepárase para celebrar as tradicionais festas de San Bieito os días sábado 12 e domingo 13 de xullo, cun completo programa de actividades pensado para todos os públicos, que combina gastronomía, música, cultura e entretemento familiar.

A festa comezará o sábado 12 de xullo ás 21:30 horas cunha churrascada e pancetada popular, amenizada pola Louband e o Grupo Eoas de Sarria, garantindo unha noite de boa comida e animación musical.

O domingo 13, a xornada arrincará ás 11:30 horas cun pasarrúas a cargo da Banda de Chantada, que tamén acompañará a misa

solemne e procesión ás 12:00 horas polos claustros do Mosteiro de Samos. Ás 13:30 horas, no campo da festa, terá lugar unha sesión vermú con concerto da mesma banda.

Xa pola tarde, ás 17:00 horas, o campo da festa cuberto acollerá un obradoiro de plásticos máxicos, coa Furgoteca, monitorado e merenda para os máis pequenos. Ás 19:00 horas, será a quenda do concerto do recoñecido artista Xabier Díaz, que actuará ata as 20:30 horas.

A partir das 21:00 h, a verbena estará a cargo da orquestra Los Players, seguida ás 23:30 horas pola actuación de DJ Casanova, poñendo o broche final ás festas.

## Reabre a Oficina de Turismo para ofrecer unha atención personalizada

Coa chegada do verán e o incremento de visitantes ao municipio, o Concello de Samos reabre a súa Oficina de Turismo, un espazo fundamental para ofrecer información e orientación tanto a turistas como a peregrinos que escollen este enclave do Camiño de Santiago.

A oficina permanecerá aberta de martes a sábado en horario de mañá, de 10:00 a 13:30 horas, e tamén polas tardes, de 16:30 a 18:00 horas. Os domingos, atenderá ao público entre as 11:00 e as 13:30 horas. Como é habitual, os luns, as tardes dos domingos e os días



festivos a oficina permanecerá pechada.

A reapertura responde á vontade do Concello de reforzar a atención ao visitante nun dos períodos de

maior afluencia turística do ano, facilitando o acceso á información sobre recursos patrimoniais, naturais e culturais, así como ás rutas e servizos locais.

**Tapisa, s.l.**

**TU FÁBRICA DE SOFÁS A MEDIDA**

**¡RETAPIZAMOS TU VIEJO SOFÁ!**

982 533 165  
646 599 185

Crta. Comarcal 546, km 21 Sarria

**FONTANERÍA Y GAS**

**VILAR VALCARCEL**

**JOSÉ LUIS VILAR LOSADA**

C/ Portomarín, 17 • C/ Arias de Arbieta s/n  
27600 Sarria (Lugo) • Telf/Fax: 982 531 449  
Móvil: 659 589 024 • vilavalcarcel@hotmail.com



# A IV edición do Tremeterra Fest contará con 19 artistas



Os organizadores do Tremeterra Fest veñen de anunciar o cartel completo da súa cuarta edición, que terá lugar os días 29 e 30 de agosto no Encoro de Vilasouto, no Incio.

O evento, que mantén o seu carácter gratuíto e aberto a todas as persoas interesadas, contará con 19 artistas nacionais e internacionais de primeiro nivel dentro das escenas do *soundsystem*, *dub*, *reggae* e música electrónica.

Así, figuran 10000 Lions, Black Beanie Dub, Ashanti Selah, Violinbwoy, Peter Youthman, Roll & Record, Ishan Sound, Rider Shafique, Morgana Soulljah, Nina Garossois, Dubbing Sun, Lion's Den Soundsystem, High Nebra, Piya Zawa, Ital Roots, Long Fingah, Piratas Sound, Media Lúa Sound e Dub Mono Hifi.

Estes artistas representan unha ampla variedade de estilos e orixes, desde o Reino Unido ata Alemaña, Polonia, Francia ou o propio territorio galego, e aseguran unha propos-

ta sonora diversa e de calidade para os dous días de programación.

Ademais dos concertos e sesións sonoras, o festival contará cunha serie de actividades paralelas que buscan fomentar o intercambio cultural e a conciencia social. Haberá obradoiros formativos, espazos para debates abertos, actuacións en vivo e zonas de encontro que permitirán ao público mergullarse na filosofía do movemento *soundsystem*, nacido en Xamaica e expandido por todo o mundo como forma de expresión comunitaria e resistencia cultural.

A organización destaca que o obxectivo é crear unha experiencia inmersiva onde a música sexa tamén un vehículo para a reflexión e o compromiso colectivo.

O enclave escollido, o Encoro de Vilasouto, volve ser un dos principais atractivos do festival pola súa contorna natural privilexiada, que permite combinar cultura e natureza nun mesmo espazo.

# O Festival Terra Brava xa ten todo listo para a súa nova edición

O Festival Terra Brava, que se celebrará o vindeiro 16 de agosto no concello lugués do Incio, vén de pechar o cartel completo da súa edición 2025 cun programa que aposta pola música en directo, a festa e a participación familiar. Ao longo da xornada haberá vermú musical a cargo do grupo Xermolos e unha actuación infantil de Brais das Hortas, ademais dun xantar popular, zona de concertos, caravanas e acampada.

Entre os grandes nomes da música que subirán ao escenario destaca o histórico grupo galego Sacha na Horta, unha formación de longa traxectoria recoñecida dentro da escena musical do país. A eles súmase Lamatumbá, banda mítica nacida en 1998 e coñecida pola súa mestura de estilos e, sobre todo, polo seu incon-



fundible espírito verbeneiro e festivo. Desde Portugal chegará tamén Kumpania Algazarra, recoñecida pola súa enerxía arrolladora e unha proposta que combina *afrobeat*, *ska* e ritmos balcánicos con contundente forza escénica. Outra das propostas máis chamativas será a de Mekánika Rolling Band, unha formación que

mestura ritmos populares e punk brass cun estilo gamberro e participativo, consolidándose como referente nos festivais galegos.

O peche da festa correrá a cargo de DJ Um Sincero, que porá o broche final a unha xornada na que a música, a diversidade e o ambiente festivo serán os grandes protagonistas.

# O Incio organiza o Campamento de Verán para pequenos de 3 a 16 anos

O Concello do Incio organiza o Campamento de Verán, unha iniciativa dirixida a nenos e nenas de entre 3 e 16 anos que busca ofrecer alternativas de ocio e aprendizaxe durante os meses de xullo e agosto.

As actividades desenvolveranse en horario de 09:00 a 15:00 horas e están financiadas a través do Programa Corresponsables.

O campamento incluírá propostas moi diversas, pensadas para estimular a creatividade, o respecto polo medio ambiente e a partici-



pación activa. Entre elas destacan talleres de música, pintura, educación ambiental, deportes, xogos e

actividades bilingües, combinando diversión con aprendizaxe de maneira inclusiva e dinámica.

C-27-000501

Y TÚ  
¿CÓMO  
HABLAS?

TRASTORNOS

• MIOFUNCIONALES

• AUDICIÓN

• LENGUAJE ORAL Y ESCRITO

• HABLA

• VOZ

NIÑOS Y ADULTOS de 0 a 99 años

Rúa Pedro Saco, 35 Entlo. 27600 Sarria  
Tfno.: 669 260 537 m\_maril@hotmail.com

ASESORAMIENTO ENERXÉTICO A PARTICULARES E EMPRESAS  
PARA MAXIMIZAR O AFORRO NAS FACTURAS DE LUZ E GAS

Axudámosche a optimizar as túas facturas de enerxía?

Escanea este código QR e envíanos a túa factura de luz/gas para facerche unha comparativa de aforro personalizada:

Entra e infórmate!

982 876 681

sarria@xenera.com

A principal comercializadora de enerxía 100% galega. Concedo de 120 euros de forro.

GESA ENERGIA Colaborador Oficial de XENERA

## Vilasouto celebrará as festas en agosto

As festas de Vilasouto desenvólvense durante do 2 ao 4 de agosto, e contarán cun variado programa de actividades. A programación comezará o sábado 2 de agosto cunha queimada popular e verbena a cargo do grupo musical Vivarium.

O 3 de agosto, a xornada arrancará cunha misa solemne ás 13:00 horas, que dará paso á sesión vermú amenizada polo Grupo Greasse. Xa pola noite, actuará a orquestra Principal e o Grupo Greasse.

O luns 4 de agosto volverá haber misa ás 13:00 horas seguida da sesión vermú e verbena, nesta ocasión coa participación do Grupo D'Kris e da orquestra Galilea.



# DEPORTES

## A SD Sarriana logra o ascenso á 2ª RFEF na Ribela

O equipo sarriao impúxose por 3-2 na prórroga ao Atlético Pulpileño nun ambiente excepcional, marcado polas festas patronais

A SD Sarriana cumpriu o soño do ascenso á Segunda RFEF nunha tarde inesquecible en A Ribela, onde derrotou ao Club Atlético Pulpileño por 3-2 na prórroga, no partido de volta da terceira eliminatoria. O encontro, celebrado en pleno corazón das festas patronais de Sarria, vivíuse cunha paixón desbordante por parte da afección, que ateigou as bancadas do estadio e converteu a xornada nun auténtico espectáculo colectivo.

Maxi Levrand, Keko Vilariño e Azael García foron os autores dos goles que fixeron posible unha remontada que quedará para sempre na memoria da vila. A Ribela vibrou coas accións dun equipo que se

curto prazo", repetía Rodríguez, unha filosofía que acabou dando os seus froitos co título e o ascenso á Segunda RFEF.

Así, valorou irse poñendo pequenos obxectivos, porque así foron conseguido pequenas metas, como entrar na fase de ascenso e logo conseguilo. "Despois, quixemos superar esa primeira liña eliminatoria contra o Racing Vilalbés e, a continuación, fomos a pola segunda, sabendo que eran equipos de moito nivel e que nolo ían poñer moi difícil". Seguiron ata que chegaron ao enfrontamento contra un equipo a nivel nacional: "Era ou 2ª RFEF ou telo intentado, pero sempre pasíño a pasíño, unha forma de actuar

tido, así como soubemos sufrir nos momentos nos que os rivais tiveron o seu momento, xa que ao ser partidos igualados é inevitable que nalgún momento estas máis esixido ou superado e creo que demostramos unha fortaleza como equipo que nos permitiu chegar ás eliminatorias", sostivo.

Finalmente, quixo poñer en valor ao conxunto de xogadores, destacando que "o maior patrimonio que ten a Sarriana é ese grupo de xogadores" e considera que "foi un luxo traballar con eles, polo que seguro que calquera adestrador que poida estar no meu lugar valorará que é unha pasada ver a rapaces tan novos con tanta fame". Así, rematou



na, mostrou a súa satisfacción tras consumarse o histórico ascenso do club a Segunda RFEF. "Foi unha promoción longa e emocionante. Agora estamos, como é lóxico, cansos, porque a tempada foi dura, moi longa, pero conseguiu o obxectivo", recoñeceu. Sangil destacou tamén o ambiente vivido na Ribela durante o encontro decisivo: "O que se viviu foi espectacular. A Ribela estaba a tope e o ambiente foi inmejorable. Acordábame de cando o campo era de herba natural e viñan o Deportivo ou o Celta na pretempada, que se enchía o campo, pero isto non ten comparación. Nunca vimos algo así de cheo e de increíble".

Sangil, valorando a evolución do equipo ata o éxito, lembrou os momentos complicados marcados polo eido técnico: "A metade de tempada, Jaime Paz deixounos porque marchou con Quique Setién a China, e o equipo estaba feito á súa medida, polo que foi un revés importante". A chegada de Guillermo Oriol non logrou estabilizar a situación: "Non acabou de acoplarse ben cos xogadores. Aínda que os resultados non foron malos, o ambiente non era bo". Así, incorporouse José Antonio, que tamén tivo que facer fronte a un período de adaptación: "Ao principio custoulle adaptarse e

cambiou o sistema de Jaime, pero o equipo enchufouse totalmente e conseguiron o obxectivo, que era clasificarse para o *playoff*".

O presidente puxo en valor a constancia do equipo durante todo o ano: "Este foi un traballo de resiliencia no que estivemos durante toda a tempada en postos de promoción. O ano pasado a fase de ascenso foi unha sorpresa; este ano era o obxectivo. E conseguiu, que era o importante".

De cara ao futuro, Sangil mantén a prudencia, consciente do salto de nivel que supón a categoría: "Imos competir con equipos de capitais de provincia e con clubs que estiveron en Primeira División, como o Numancia ou o Salamanca. E imos xogar contra equipos como o Ávila, Segovia, Ourense... Para Sarria, isto é moitísimo. Agora, primeiro, temos que poñer os pés no chan e formar un equipo competitivo para poder manter a categoría", concluíu o presidente.

Como novidade, xa anunciaron que Antonio Rodríguez non seguirá á fronte da dirección técnica, que dá o salto ao fútbol profesional, e será Iván Carril o novo adestrador da SD Sarriana tras seis tempadas á fronte do Noia, co que acadou dous ascensos á Terceira División.



mantivo firme ata o final e que fixo valer o apoio da súa xente para culminar unha tempada histórica. Ao remate, a celebración estendeuse polas rúas de Sarria, cun pobo enteiro entregado á alegría dun éxito deportivo de gran transcendencia para a comarca.

O ascenso supón tamén un salto competitivo importante: na nova tempada enfrontaranse a conxuntos galegos como a UD Ourense, o Fabril, o Coruxo ou o Bergantiños, e a históricos do fútbol español coma o Numancia, o Langreo ou o Real Ávila.

O técnico José Antonio Rodríguez, que colleu o mando do equipo en febreiro tras a marcha de Guillermo Oriol logo dunha derrota ante o Vilalonga en A Ribela, mantivo sempre un discurso prudente, centrado no traballo do día a día. "O pensamento do equipo debe ser querer facer bos partidos e centrarnos no

acertada, xa que despois da liga regular foron 6 semanas máis nas que podía acontecer calquera cousa, podíamos quedarnos fóra en cada etapa", explica o adestrador.

Para Rodríguez, "fixemos partidos moi bos, dándolle importancia a cada momento dentro de cada par-

expresando que se sentiu "xenial e encantado" de traballar na Sarriana, poñendo "sempre o mellor de min, o que creo que tamén eles valoran".

**VALORACIÓN DO PRESIDENTE.** Manuel Sangil, presidente da SD Sarria-



**Vazquez Autos**

**pelayo**  
Agente Exclusivo

Rúa Matias López, 126  
27600 - SARRIA (Lugo)  
Tel. / Fax: 982 530 707  
Móvil: 669 199 533  
vazquezautos@hotmail.com

**PINTOR**

**PINTURAS HOGAR**  
**LATAS**  
tel.: 659 76 79 36

**PINTURAS - BARNICES**  
**PERSIANAS**  
**PAPEL PINTADO**  
**TARIMA FLOTANTE**  
659 767 936

**HOGAR**  
**CORTINAS - STORES**  
**RIELES**  
**ALFOMBRAS**  
**EDREDONES**  
C/ Benigno Quiroga,  
93-95, bj - 982 533 497  
**SARRIA (Lugo)**



# O descenso urbano regresa co XII DHU Vila os días 25 e 26 de xullo



A emoción do descenso urbano volverá tomar as rúas de Sarria os días 25 e 26 de xullo coa celebración da XII edición do DHU Vila de Sarria do DHG Team. Este evento, que xa se consolidou como unha cita de referencia a nivel internacional, promete de novo un espectáculo cargado de velocidade, técnica e adrenalina nun percorrido urbano único que transforma o corazón da vila luguesa nun auténtico circuíto de MTB. No marco deste evento deportivo, tamén presentaron actividades complementarias para toda a familia durante o evento de ciclismo polas rúas da vila. O 25 de xullo, coincidindo co Día de Galicia, a xornada será totalmente de balde e estará chea de propostas para gozar do deporte, a música e o entretemento. A partir das 19:00 horas no cruce da Avenida, comezará a programación coa actuación musical de Saha & Ryu, que

presentarán o seu proxecto Xardín das Fadas. Para os máis pequenos —e tamén para os non tan pequenos— está preparado o espectáculo familiar Piensa en Wilbur, que combina humor, acrobacias e moita tolemia para facer as delicias do público. Ademais, este mesmo día terá lugar o Mini DHU Vila de Sarria, onde os máis pequenos serán os protagonistas do descenso urbano. Xa pola noite, o grupo Green Covers animará a toda a vila con versións dos grandes éxitos de bandas como Coldplay, Muse e moitos máis, facendo que o público cante ao unísono. Para pechar a xornada, celebrárase un *guateque* con DJ Frisco e Marcos Peón baixo o título “Yo lataba en EGB”, un regreso aos himnos das décadas douradas que farán revivir ao público as mellores épocas musicais como se o tempo non pasase.

# A AC Taekwondo remata a tempada con moi boas sensacións

O alcalde de Sarria, Claudio Garrido, e o concelleiro de Deportes, Félix Seijas, achegáronse ás instalacións do club AC Taekwondo Sarria para coñecer de preto o traballo que se desenvolve na entidade deportiva. Durante a visita, os representantes municipais tiveron ocasión de presenciar parte dos adestramentos e conversar con algúns dos deportistas que integran o club, entre eles Mateo Fernández, proclamado campión de Europa e de España na categoría de trío júnior. Ademais, o adestrador e promotor do club, Álex Losada, mantivo un encontro co alcalde no que trataron temas vencellados á planificación de eventos deportivos futuros. Entre eles salientou a II edición do Open do Camiño Vila de Sarria, unha cita que xa na súa primeira convocatoria acadou unha excelente acollida tanto entre os veciños como nas institucións. Segundo indicou Losada, “temos moitísima sorte porque sempre que propoñemos algo, desde o Concello involúcranse en todos os aspectos para poder levalo a cabo”, en referencia ao apoio institucional recibido na organización do torneo.

**VALORACIÓN TEMPADA.** O adestrador da AC Taekwondo Sarria, Álex Losada, fixo ba-



lance da tempada 2024-2025, destacando o crecemento tanto deportivo como institucional do club: “A nivel de club, esta tempada medramos arredor de 50 licenzas, chegando ás 130 en total, polo que seguimos nunha liña ascendente. En canto aos resultados deportivos, non só Mateo acadou bos logros; tamén Brais proclamouse campión de España. Foi unha tempada moi boa, con membros nas seleccións galega e española, e mesmo con títulos europeos e nacionais. Os máis pequenos tamén destacaron, aumentando o número de medallas en campionatos provinciais e autonómicos”, sostivo.

Losada amosouse especialmente satisfeito co nivel acadado polo grupo, poñendo en valor

que recentemente entregou dous novos cintos negros no club. “Como adestrador, dou unha nota moi alta a esta tempada. Vai ser difícil igualala, e aínda máis superala”. Ademais, avanzou a continuidade da actividade durante o verán: “No mes de xullo seguiremos cunhas clases pola mañá para manter a forma. En agosto faremos unha pausa e retomaremos a actividade con forza en setembro. Creo que a matrícula vai aumentar, así que esperamos estar á altura”, concluíu.

Para pechar a tempada, o club deportivo celebrou unha festa de fin de curso cun xantar no que participaron 160 persoas: “Faltou moita xente porque coincidía con San Xoán, pero igualmente foi un éxito”.

# O CB Sarria organiza o XVII Campus Baloncesto no Camiño

O Campus Baloncesto no Camiño da CB Sarria acada un novo éxito na súa XVII edición ao esgotar as 120 prazas en réxime interno dispoñibles para a quenda que se celebrará entre o 12 e o 19 de xullo de 2025 en Sarria. A proposta, dirixida a mozos e mozas nados entre 2008 e 2017, combina a práctica do baloncesto con actividades ao aire libre, culturais e de inmersión lingüística no inglés, cun enfoque que aposta polo deporte, a natureza e a convivencia. Durante o campus, os participantes poderán mellorar o seu xogo mediante adestramentos por niveis con técnicos superiores e licenciados en Educación Física, sesións de tecnificación e preparación física, así como competicións en diferentes for-



matos como 1x1, 3x3, 5x5 ou probas de habilidade. Ademais, haberá adestramentos en inglés, actividades multideportivas na natureza, xogos en equipo e saídas culturais no Camiño de Santiago. Os grupos de tecnificación serán gravados en vídeo para facilitar a análise do rendemento e

os gañadores das distintas competicións recibirán agasallos. O campus, xa consolidado como unha cita de referencia para a mocidade amante do baloncesto e do Camiño, ofrece unha experiencia única para facer novos amigos, coñecer novos lugares e seguir crescendo no deporte.



**SONDEOS CORDERO**  
Especialistas en pozos de barrena

Más de 30 años de experiencia trabajando en la comarca de Sarria

- Distintos diámetros de perforación desde 125 mm hasta 200.
- Electrobombas solares y eléctricas.
- Hacemos pozos dependiendo de las necesidades de cada cliente.

¡PIDANOS PRESUPUESTO SIN COMPROMISO!

Tfno.: 629 070 720  
Triacastela Lugo



## O Kung Fu Láncara destaca con novos éxitos deportivos

O equipo Kung Fu Láncara suma novos éxitos no seu haber, destacando Roi Pérez López, que volveu facerse co título de Campión de España na modalidade de Qing Da menos de 75 kg, no marco do XXXI Campionato de España de Wu Shu, celebrado este sábado 21 de xuño de 2025 en Madrid.

Este novo éxito deportivo súmase a unha traxectoria exemplar, marcada pola disciplina, o esforzo e a constancia. Roi, estudante do grao de Enxeñaría Aeroespacial na Universidade de Vigo, é recoñecido non só polos seus logros deportivos, senón tamén pola súa actitude dentro e fóra do tatami.

A súa andaina nas artes marciais comezou no ano 2011, cando apenas contaba con oito ou nove anos. Desde entón, mantivo sempre unha motivación firme, loitando por acadar cada un dos seus obxectivos. No grupo Kung Fu Láncara expresan o seu orgullo por contar cun deportista coma el, "que vive intensamente o Wu Shu e o Kung Fu, e que representa con honra e dedicación os valores destas disciplinas".

Por outro lado, o equipo de artes marciais participou no II Campionato Interautonómico de Kung Fu celebrado en San Cibrao (Cervo), nun evento organizado polo Departamento



Galego de Kung Fu da Real Federación Española de Karate e Disciplinas Asociadas. A competición reuniu artistas marciais de todas as idades procedentes de escolas de Galicia, Asturias, Cantabria, Euskadi e León, destacando especialmente o nivel técnico e expresivo dos participantes veteranos na modalidade de Kung Fu Tai Ji Quan.

Entre os resultados máis destacados da xornada estivo o papel dos deportistas sénior Cristian Vázquez Seijas e Nicolás Besada Armas, que lograron o primeiro posto tanto en taolú armas individual como en taolú armas por parellas. A súa actuación non só consolidou o palmarés do grupo lucense, senón que tamén evidenciou a madurez, o dominio técnico e a paixón que os deportistas adultos poden achegar a esta arte marcial.

A súa entrega e disciplina ser-

ven como exemplo para as categorías máis novas, que tamén obtiveron excelentes resultados: Andrea López Muñoz e Marina Fernández López, en categoría infantil, e Xiana Bande Pardo, na categoría alevín, foron as primeiras clasificadas nas modalidades correspondentes.

Porén, para o mestre José M. Nunes, máis aló das medallas, o máis valioso foi a convivencia co resto de artistas marciais, o intercambio de experiencias e o espírito de colaboración que se viviu durante o evento. Subliñou tamén o compromiso do alumnado, que nos meses previos ao torneo adestrou por iniciativa propia fóra das clases, fortalecendo así o vínculo persoal cunha disciplina que, segundo el, non é só un deporte, senón unha filosofía de vida rica, diversa e profunda.

## Grandes resultados para a ximnasia rítmica sarriá



A ximnasia rítmica en Sarria vive un momento moi destacado tras a conclusión dunha temporada repleta de éxitos e esforzo por parte dos seus clubs locais.

As ximnastas do Club Rítmica Atalaia recibiron un recoñecemento por parte do Concello, nun acto no que participou o concelleiro de Deportes, quen resaltou o mérito destas deportistas pola súa recente victoria como campioas galegas de promoción. Este recoñecemento público puxo en valor non só o talento e a dedicación das ximnastas, senón tamén o apoio esencial que reciben das familias e das institucións, fundamentais para o bo desenvolvemento do deporte local. Durante o encontro, o concelleiro destacou a importancia de manter o respaldo institucional ao deporte, especialmente en disciplinas como a ximnasia rítmica. O Club Rítmica Atalaia, que vén de lograr un título autonómico destacado, expresou a súa gratitude ao Concello polo apoio recibido e subliñou o papel fundamental das familias no seguimento da traxectoria deportiva das ximnastas.

A Asociación Deportiva Aixa par-

ticipou no torneo de Xove, un evento competitivo que puxo o broche final a unha tempada máis marcada pola aprendizaxe, o esforzo e a convivencia entre as deportistas. Desde o club resaltaron o orgullo polo traballo realizado ao longo do ano, valorando especialmente os bos momentos vividos e o crecemento persoal das ximnastas durante o ciclo competitivo.

Outro dos protagonistas desta temporada foi o Club Xirandela, cuxo equipo de iniciación logrou unha meritoria cuarta posición na fase final do 7º Torneo Interescuelas, quedando moi preto da medalla de bronce. Este resultado supón un fito importante para o club, que viu recompensado o esforzo das súas ximnastas e o traballo constante dos seus adestradores. Desde Xirandela, destacan a satisfacción pola evolución do equipo e valoran este logro como un paso significativo no camiño do seu proxecto deportivo. En conxunto, os tres clubs que representan a ximnasia rítmica en Sarria demostraron durante toda a tempada un compromiso, que se traduciu en resultados destacados.

## O Bar Choupal foi o campión do Torneo de Fútbol Sala San Xoán

O XXXV Torneo de Fútbol Sala San Xoán de Sarria, celebrado esta fin de semana no pavillón José Mario González, coñecido como O Chanto, coincidindo coas festas patronais, deixou grandes momentos de emoción e un alto nivel competitivo.

O equipo Bar Choupal proclamouse campión do torneo tras unha gran actuación, levando un premio de 1.500 euros.

A Lareira foi o subcampión, cunha recompensa de 700 euros, mentres que o terceiro e cuarto posto, cun premio de 250 euros cada un, foron para Taberna D Orixen e Rulo y 4 Más, respectivamente. Tamén se concedeu un galardón especial ao Mellor Clasificado do Concello de Sarria, que foi para o Mesón do Loyo, premiado con 200 euros.



No apartado individual, Bryan (Bar Choupal) foi elixido Mellor Porteiro do torneo, e Valdir (tamén de Bar Choupal) recibiu o recoñecemento como Mellor Xogador.

O Quinteto Ideal desta edición estivo formado por Álvaro (A Lareira), Cayuela (Taberna D Orixen), Kevin Mejuto (Taberna D Orixen),

Paulo (Bar Choupal) e Saúl (A Lareira), reflectindo o alto nivel dos participantes nunha edición que quedará na memoria dos afeccionados.

Este torneo consolídase así como un dos máis relevantes da comarca de Sarria en canto a deporte e, concretamente, a fútbol sala.

**LIMPIEZAS ISABEL**

674 467 444  
641 171 951

**PRESUPUESTO SIN COMPROMISO**  
isabellimpiezas@gmail.com

**LIMPIEZA DE:**

- Comunidades de propietarios
- Post-obra de edificios y locales
- Pisos turísticos y albergues
- Garajes
- Comercios
- Cocinas de restaurantes
- Limpiezas en general



DE RUTA EN RUTA

# Becerreá: Ruta de Penamaior e Pena do Pico

Cun percorrido de 20 quilómetros, os camiñantes seguen as marcas que conducen ao antigo Mosteiro de Penamaior

O Concello de Becerreá agocha unha ruta de sendeirismo que é moito máis ca un percorrido deportivo: trátase dun paseo entre paisaxes de grande valor ecolóxico e patrimonio cultural. Falamos da Ruta de Penamaior e Pena do Pico, un itinerario circular que funde dous camiños xa existentes, o do Mosteiro e o da Pena do Pico, para ofrecer unha experiencia completa e envolvente. Esta ruta comeza e finaliza no núcleo urbano da vila, concretamente na Feira Vella de Becerreá, converténdose nun circuíto ideal para quen desexe regresar ao punto de partida sen ter que organizar transporte adicional. Cun percorrido de 20,53 quilómetros, un desnivel acumulado en positivo de 867 metros e unha duración estimada de arredor de 5 horas e 46 minutos, é unha ruta esixente pero accesible para sendeiristas cun nivel medio de preparación física. Desde o inicio, os camiñantes seguen as marcas que conducen cara ao antigo Mosteiro de Penamaior. A ruta presenta xa nos seus primeiros compases un notable interese natural, xa que ao chegar ao quilómetro 1,78 é preciso desviarse cara á dereita para penetrar nunha pista forestal que convida a mergullarse nun mar de árbores autóctonas. Aquí, o bosque móstrase en todo o seu esplendor: piñeiros, carballos centenarios e robustos castiñeiros acompañan ao camiñante nunha atmosfera fresca e silandeira, especialmente agradable nas estacións intermedias. O traxecto comeza a ascender desde a zona do Cereixal en dirección á coñecida Escola de Alta Montaña. No seu camiño, o visitante atópase cun-

ha parada obrigada: a Ermida de San Lourenzo. Esta pequena capela, que se ergue sobre unha extensa chaira, foi en tempos o epicentro dunha das romarías máis tradicionais da zona. A día de hoxe, segue sendo un lugar de culto e reflexión, así como un miradoiro privilexiado desde o que se poden contemplar panorámicas impresionantes dos concellos lindeiros de Baralla e Baleira. Proseguindo pola ruta, o sendeiro leva ao camiñante a atravesar o núcleo de Touzón, desde onde se inicia un descenso por un vieiro que desemboca no Mosteiro de Santa María de Penamaior. Esta edificación relixiosa representa un dos grandes tesouros arquitectónicos da comarca, destacando por ser o único mosteiro galego que estivo baixo a dependencia directa da orde Cistercense francesa. A súa importancia histórica e cultural foi recoñecida oficialmente coa súa declaración como Ben de Interese Cultural (BIC). Aínda que boa parte do traxecto está debidamente sinalizada con paneis explicativos, hai tramos —especialmente tras deixar Touzón— nos que o camiño se estreita e perde sinalización, polo que é recomendable manter a atención e, se é posible, levar un mapa ou GPS. Desde a parte baixa, a ruta xira de novo á dereita, e pouco despois xa se albisca o perfil do mosteiro entre a vexetación. A partir do mosteiro, a segunda metade da ruta inicia o seu percorrido por unha pista que cruza prados e terreos abertos en dirección a Vilarín e máis adiante a Liñares. Ao alcanzar aproximadamente o quilómetro 14, o camiñante toma o desvío que leva ao cumio da Pena

do Pico, un dos puntos máis altos e emblemáticos do itinerario. A subida ata este alto é moderada, pero as vistas compensan con fartura o esforzo. No cume agarda unha torre de vixilancia forestal e unha antena, testemuñas mudas da actividade humana nesta zona montañosa. Nos días claros, segundo indican os paneis interpretativos situados no miradoiro, é posible divisar a cidade de Lugo no horizonte, un detalle que engade valor simbólico ao lugar. Preto do miradoiro, existe unha área recreativa ideal para facer un alto no camiño. O camiño de volta ofrece unha baixada pronunciada de novo ata a Feira Vella, atravesando o núcleo de Lamas e descendendo pola vertente sur da montaña. Este treito ofrece novas vistas e un cambio de paisaxe, onde os campos abertos dan paso de novo ás zonas arboradas. Recoméndase facer esta ruta o segundo domingo de agosto, xa que esa data coincide coa celebración no alto da Pena do Pico dunha romaría tradicional que mantén vivas as costumes e expresións culturais máis ancestrais da comarca. Música, comida, encontro e memoria fúsiónanse nunha festa campestre que engade un compoñente festivo e colectivo á experiencia. Para desconectar da rutina, mergullarse na natureza e descubrir recunchos con historia e encanto, a Ruta de Penamaior e Pena do Pico é unha opción inmillorable. A súa combinación de paisaxes, patrimonio e tradición fan dela unha das máis completas e significativas da montaña luguesa.





**Pili Madeira**  
FLORISTAS

**bicarelo**

📍 Rúa da Liberdade, 137  
27600 Sarria (Lugo)

☎ 982 530 015 / 633 226 988  
✉ floristeria@servimadeira.es  
🌐 www.floristeriamadeira.es

**MADEIRA**  
SERVICIOS FUNERARIOS

**Funerarias  
Tanatorios  
Seguros**

**75**  
AÑOS  
MADEIRA SERVICIOS

Desde 1945

Diego Pazos, 34 27600 SARRIA - Lugo  
Teléfono y fax 982 53 00 15  
funeraria@servimadeira.es www.tanatoriomadeira.es